# PROGRAMACIÓN DE INGLÉS

# ESA- ADULTOS

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES de RODEIRA

2023-2024

## ÁMBITO DE COMUNICACIÓN- LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

### INTRODUCCIÓN

No ámbito da comunicación intégranse os coñecementos, destrezas e valores que permiten a una persoa adulta comunicarse cos demais na lingua ou linguas que lle son propias, e nunha lingua estranxeira (neste caso o inglés).

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas o ámbito de comunicación conforma una proposta curricular coherente, integrada e orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas das persoas adultas e ao desenvolvemento das suas capacidades intelectuais e afectivas coa finalidade de que lles permita a súa inserción activa e responsable na sociedade e o seu desenvolvemento persoal.

Asì fomentarase a autonomía do alumnado na aprendizaxe, a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimensión intercultural e a estruturación e organización do propio pensamento, por ser todos aspectos que redundan nunca aprendizaxe máis afectiva.

Segundo as recomendacións do Marco común europeo os contidos da lingua estranxeira, ademais de integrarse cos das linguas galega e castelá, o alumnado adulto conseguirá o grao de usuario básico (nivel A1 ao rematar o nivel 1 do ámbito, e un nivel A2 ao acabar o nivel II) , que o capacitará para comunicarse en situacións e contextos cotiáns, dominando un repertorio básico de recursos lingüísticos frecuentes da lingua estándar, empregada de maneira interactiva, receptiva e produtivamente, de xeitosinxelo pero adecuado e eficaz, comprendendo e producindo textos breves, orais e escritos.

### COMPETENCIAS BÁSICAS

- A competencia plurilingüe formúlase como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da nosa herdanza lingüística, e como fonte de enriquecemento mutuo. Esta competencia permite o alumnado adulto relacionar, de modo significativo, as distintas culturas ás que ten acceso meditante os seus coñecementos lingüísticos e lograr una mellor comprensión delas. As competencias lingüística e cultural de cada lingua quedan modificadas mediante o coñecemento mutuo e contribución a crear así unha conciencia, unhas destrezas e unhas capacidades interculturais.

Xa que o ámbito de comunicación participa no desenvolvemento de todas as competencias básicas da educación secundaria, cunha orientación á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno das linguas nun amplo abano de contextos, è evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación. Garda ademais una relación moi estreita con outras competencias básicas.

- Competencia social e cidadá: dende o ámbito de comunicación facilítase, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, e o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos das persoas, permitíndolles a súa promoción e integración social.

O traballo das destrezas lingüísticas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica das normas sociais de convivencia, especialmente no emprego da negociación para chegar a acordos, favorecendo igualmente a promoción e a integración social das persoas adultas.

- Competencia no tratamento da información dixital: a súa relación co ámbito de comunicación realízase por dúas vías: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permiten ao alumnado adulto mellorar as súas habilidades e competencias para obter información (dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornáis dixitais, ou outras de carácter literario). Doutra banda, a lingua mesma é

una ferramenta coa que os adultos nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. A través dela seleccionamos, analizamos críticamente, organizamos e sintetizamos esa información para o noso coñecemento.

- Disponse de competencia cultural e artística se se crean, emprenden, aprecian e valoran con criterio esas manifestacións culturais e artísticas e se o individuo é quen de emocionarse e gozar coa lectura.

- Competencia para aprender a aprender: desenvólvese ao contribuir a linguaxe á estructuración do pensamento e ao control da aprendizaxe, á interpretación das informacións lingüísticas, á exposición e conclusións sobre tarefas,etc.

A autonomía, como eixe central no proceso de aprendizaxe, e a iniciativa persoal promóvense dende o ámbito de comunicación co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situación reais, a lectura de obras literarias que estimulen e fomenten a creatividade, o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) para aprender a manter una actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localización e selección de información, o fomento da autoestima lingüística,etc. O propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans e na toma de decisións.

**OBXECTIVOS XERAIS**

1.- Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural de España, Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representan as linguas do estado e entender as situacións que provocan o contacto de linguas.

2.- Comprender discursos orais e escritos: os textos estarán referidos a asuntos da vida cotiá, serán de estructura sinxela e clara, e nunca variedade de lingua estándar e os textos orais serán articulados a una velocidade lenta e con claridade, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

3.- Desenvolver a capacidade de construir un discurso oral e escrito, coherente, adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural. O textos serán breves, referidos a asuntos da vida cotiá e, no caso da lingua oral, comunicaranse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

4.- Adquirir conceptos lingüísticos xerais, reflexionar sobre os elementos formais e mecanismos das linguas nos planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

5.-Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección básicas, e para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e favorecer o control da propia conduta.

6.- Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar críticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, medios de comunicación social e as TIC para obter, valorar, seleccionar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información relacionada coa vida cotiá, académica e laboral.

7.- Coñecer e empregar as normas que rexen o intercambio social das linguas e de aquelas normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos lingüísticos que supoñan suizos de valor e prexuízos clasistas, racistas e sexistas.

8.- Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica das mensaxes dos medios de comunicación de masas e da publicidade, especialmente das que teñen relación coa vida cotiá e laboral.

**ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

Os contidos actitudinais deben ter sempre un papel central para propiciar actitudes positivas cara á lingua e ás súas variantes, desenvolvendo no alumnado o respecto pola riqueza lingüística e cultural.

O modelo de ensino-aprendizaxe da lingua deberá partir dunha concepción práctica da competencia comunicativa, entendida como a capacidade de uso do idioma, e que abrangue as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. O aprendiz de linguas pon a lingua en uso, en ámbitos, dominios e contextos específicos, facendo uso das estratexias axeitadas para o seu fin. O usuario da lingua procesa e produce textos (orais , escritos), que constitúen as unidades básicas de comunicación, a través de actividades de expresión, comprensión, interacción, mediación ou mediante unha combinación delas. Para iso os alumnos e alumnas terán que adquirir, a través das experiencias de aprendizaxe, unha serie de habilidades ou estratexias.

Este proceso de ensinanza-aprendizaxe orientado á acción ha de ser concretado e reinterpretado segundo as necesidades do alumnado adulto. Estes son os seus aspectos fundamentais:

Activación de estratexias de aprendizaxe (aprender a aprender) e de comunicación.
Integración das destrezas ou actividades comunicativas.
Acercamento contextualizado aos aspectos socioculturais.
Papel do profesor como guía do alumnado para a súa apropiación dos recursos lingüísticos que fagan posible a acción na lingua.

A aula deberase concibir como o espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas nas que o alumnado participe. O profesor é o presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán os alumnados os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais alumnos do grupo e co profesor para conseguir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. O alumno convértese en protagonista da súa aprendizaxe e ten un papel activo na aula: deduce, propón, valora as propias dificultades, solicita axuda e avalía os diferentes recursos.

O alumnado é o responsable da súa aprendizaxe e de afrontalo de maneira autónoma. E para os alumnos aprenderen a aprender e chegaren a un uso adecuado da lingua obxecto de estudo, o profesor presentará tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas, creando contextos que estimulen o interese dos alumnos na aprendizaxe e na utilización da lingua meta, e a sensibilidade para as culturas en que se fala a lingua que están a aprender, que fomenten a confianza en si mesmos, que aumenten a motivación para aprender dentro e fóra da aula e que desenvolvan a súa capacidade para planificaren, autoavaliaren e aprenderen de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir do obxectivos que se pretendan acadar, e serán tamén comunicativas, para ofrecer ao alumnado a oportunidade de utilizar a lingua en situación reais de comunicación. Os materiais empregados en ditas tarefas serán preferentemente auténticos, para facer que o alumno perciba a lingua como un verdadeiro instrumento de comunicación.

O alumnado deberá familiarizarse coas estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como cunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza de comunicación. Dese xeito, fomentarase a autonomía do alumnado e poderá aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación tanto na aula como fóra dela, levando a cabo eficazmente as tarefas correspondentes.
A avaliación, que ten que ser sempre coherente cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, debe ser entendida como un instrumento que valore o uso axeitado da lingua fronte ao coñecemento do seu sistema teórico ou da simple corrección formal. O erro é un elemento inevitable que ofrece ao profesor información sobre a evolución e o estadio lingüístico do alumno, que non exclúe una análise dos erros para que o alumno reflexione sobre a súa actuación de autoaprendizaxe e mellore.

**DIVERSIDADE**

Tense que ter en conta que, dentro do ensino secundario, o alumnado adulto xa é en si mesmo moi variado (idade, bagaxe cultural, estudios anteriores…). Esta característica propia de adultos implica que na aprendizaxe temos que adaptarnos cada novo curso ós diferentes alumnos que hai en cada grupo. Deste xeito, tanto na aprendizaxe como na avaliación continua do alumnado, sempre se terá en conta a evolución de cada persoa segundo o seu punto de partida.

Así mesmo non podemos impoñer de antemán un ritmo na temporalización da aprendizaxe dos diferentes bloques. Ese ritmo estará sempre marcado pola evolución do alumnado.

# *NIVEL I*

MÓDULO I - BLOQUE I

A lingua como vehículo de comunicación e expresión das diferenzas

Preténdese que as persoas adultas recoñezan o poder comunicativo das distintas linguaxes, analicen o seu uso e contextos, e reflexionen sobre a realidade sociolingüística na que viven e sobre a repercusións do contacto entre linguas e culturas. Que fagan unha reflexión crítica sobre certos prexuízos referentes ás linguas e aos seus falantes e valoren a riqueza expresiva da nosa comunidade.

Débese sembrar o fomento dunha actitude de rexeitamento de expresións discriminatorias por razón sociais, raciais e sexuais.

CONTIDOS

1.- Comunicación oral: falar, escoitar e conversar.

- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación.

- Producción de mensaxes orais curtas, con estructura lóxica e con pronunciación que non impida a comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, etc.). Importantes: o esforzo e o interese.

- Valoración das linguas como instrumentos para comunicarse e achegarse a persoas doutras culturas.

- Participación activa en diálogos, traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos seus compoñentes.

2.- Comunicación escrita: ler e escribir.

- Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito: facer unha presentación sinxela cos datos persoais básicos.

- Identificación da grafía, pronunciación, fonema e significado, a partir de modelos escritos, de imaxes, con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado, en situacións contextualizadas empregando diferentes recursos visuais e informáticos.

3.- Coñecemento da lingua.

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no seu uso, como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio ou preposición e conectores básicos de adición, enumeración e ordenación.

-Uso de estruturas e funcións básicas relacionadas coas situación cotiás máis predicibles na lingua estranxeira: saúdos e despedidas, presentacións, dirixirse a alguen, pedir desculpas, agradecer, felicitar.

- Para intercambio de información pesoal aprenderán a utilizar o verbo TO BE, pronomes persoais, números básicos (para teléfonos), países, nacionalidades; tamén vocabulario básico de aula, uso dos artigos A/AN, adxectivos posesivos, plurais dos nomes.

- Continuarán con intercambio de información persoal sobre traballos, a idade a súa habitación. Aprenderán o resto dos números, días da semana.

- Elementos e funcións da comunicación en situación formais e informais.- Uso reflexivo da puntuación e das normas ortográficas en relación coa cohesión sintáctica.

- Coñecemento das normas básicas da ortografía da palabra, da oración e do texto.

- Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais.

4.- Lingua e sociedade.

Valoración positivado plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

- Recoñecemento e valoración das linguas como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas.

- Uso de fórmulas de cortesía axeitadas nos intercambios sociais.

- Coñecemento dalgúns dos trazos máis importantes dos paises onde se fala o inglés, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores falantes.

Con este criterio trátase de avaliar o recoñecemento de fórmulas de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns, e aquelas utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa dos falantes que as utilizan (agradecer, interesarse por algo ou alguen, desculparse), reaccionando de forma adecuada a situación de comunicación e á intención do emisor ou do interlocutor.

2.- Utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se atopen na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para predicir e facer hipótese do contido do texto prestando atención aos puntos centrais, deducindo do contexto palabras descoñecidas baseándose nos seus coñecementos do tema e das expectativas predicibles na situación de comunicación, deducindo o significado probable das palabras ou frases que descoñece coa axuda

dos coñecementos doutras linguas, de rasgos cotextuais ( ton da voz, expresións faciais, actos explícitos e acentos, que amosan e regulan o comportamento dos individuos), etc.

3.-Participar en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados na aula. Empreñar as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producir un discurso comprensible.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de comunicarse oralmente en situación reais ou simuladas, sobre temas traballados na aula. Valorarase o uso de estratrexias que aseguren a comunicación, como presentar e contestar preguntas, intercambiar ideas e información, e relatar experiencias sobre temas familiares en situación predicibles. As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

4.- Comprender mensaxes breves e sinxelas escritas que conteñan instrucións, indicacións, descricións e narracións breves, mensaxes, cuestionarios, etc e información básica referida a necesidades inmediatas, de estructura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións básicas e comprender avisos, obligacións e prohibicións. Por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, funcións básicas en páxinas de Internet, números, horarios de transportes públicos ou espectáculos, prezos e cantidades, etc.

5.- Establecer relacións entre funcións da linguaxe. Conceptos gramaticais e exponentes lingüísticos. Inducir regras de funcionamento do inglés a partir da observación de regularidades e aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade de activar as estratexias cognitivas do alumnado adulto para mellorar o coñecemento do código lingüístico co fin de adaptar o que se quere comunicar ao vocabulario e ás estructuras coñecidas.

BLOQUE 2

<u>As TIC como medio para buscar, expresar e intercambiar información</u>

O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación, saber cando e por que se necesita a información, onde encontrala, como seleccionala, alamacenala, reelaborala e compartila. Alingua é una ferramenta, por iso temos que intentar aprenderle ao alumnado a manexela en todas as situacións de comunicación, temos que capacitar ao alumnado adulto para una axeitada xestión da información en todos os ámbitos da súa vida . Este módulo pretende ser un primeiro paso para o achegamento do alumnado adulto ao coñecemento e ao uso das novas tecnoloxías, como medio para buscar información e para organizala e expresala.

CONTIDOS

1.- Comunicación oral: falar, escoitar e conversar.

- Comprensión e exposicións de instrucións, ordes e informacións diversas.

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.

- Identificación e desenvolvemento progresivo de estratexias para superar as interrupcións na comunicación (a demanda de repetición e aclaración…), facendo uso de elementos verbais e non verbais nas actividades de aula, en parella e en grupo.

- Producción de mensaxes orais curtas con estrutura lóxica e con pronunciación que non impida a comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, etc.

2.- Comunicación escrita: ler e escribir.

- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados e relacionados coas áreas temáticas.

- Redactar un email sinxelo sobre datos persoais, una viaxe.

- Facer unha descripción dunha persoa.

- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.

- Uso de diversas estratexias, como a planificación, a textualización e a revisión, para compoñer textos curtos sinxelos, coñecidos previamente en producións orais.

- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada.

3.- Coñecemento da lingua.

- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.

- Aplicación de estratexias básicas para inferir, recordar, almacenar e ampliar o vocabulario activo.

- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas: verbo TO HAVE (GOT), xenitivosaxón, nomes contables/incontables, SOME/ANY, orde das palabras na oración (adxectivos), uso de HOW MUCH/MANY, o verbo “haber”= THERE IS/ARE.

- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns: vocabulario relacionado coa familia, cores, o corpo, adxectivos para describir persoas, animais.

- A estructura informal dun email ou carta.

4.- Lingua e sociedade.

- Interese ante as TIC e actitude crítica ante o seu uso.

- Coñecemento da situación das linguas minoritarias e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información procedentes dos medios e das tecnoloxías da comunicación.

- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación física ou virtual con outras persoas.

- Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices do inglés, utilizando soporte papel ou medios dixitais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.

Avaliase a capacidade do alumnado para utilizar de maneira espontánea as formas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

2.- Empregar as TIC de forma guiada para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relación persoais.

Avaliarase a capacidade do alumnado adulto de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais da aula e para establecer relación persoais de forma guiada en inglés. As comunicacións versarán sobre temas familiares e próximos á experiencia do alumnado adulto, previamente traballados na aula.

3.-Comprender a información esencial, e os puntos principias ou detalles relevantes en textos breves, de estructura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.

Pretèndese valorar a capacidade do alumnado para identificar información persoal básica (descrición física, nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) presentada ou solicitada en textos como formularios, fichas, cuestionarios, carnés ou anuncios.

4.- Completar textos escritos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal.

Avalíase a capacidade do alumnado para cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo…).

5.- Reformular na lingua propia o sentido dun texto en inglés, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, coa finalidade de facelo comprensible a interlocutores que descoñecen esa lingua.

Trátase de avaliar a capacidade de mediar entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

6.- Identificar e utilizar algunas estratexias usadas para progresar na aprendizaxe, de acordo coa experiencia propia do alumnado adulto.

Preténdese avaliar se o alumnado adulto identifica e utiliza no seu propio proceso de aprendizaxe as estratexias básicas que favorecen a adquisición de coñecementos e habilidades: a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, o uso de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico, o uso correcto do diccionario e de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais para recoller información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, etc.

MÓDULO 2 - BLOQUE 1

<u>A literatura tradicional e as novas achegas da cultura de masas</u>

Compre poñer especial atención á oralidade nas competencias activas, aproveitar sempre que sexa posible os recursos que ofrecen as TIC, a biblioteca, a propia experiencia e o contorno do alumnado adulto para fomentar a interacción oral, rica e organizada, mediante a investigación en grupo e o traballo colaborativo.

Preténdese desenvolver no alumnado adulto o gusto pola comunicación oral, o respecto polas normas de interacción no grupo, o aprecio polo amplo acervo da literatura tradicional, das novas tradicións urbanas e da canción popular da sociedade de masas, reinterpretadas permanentemente a través dos medios de comunicación e das TIC. Os nosos maiores, os compañeiros e compañeiras e os medios de comunicación, as bibliotecas e Internert son uns referentes fundamentais.

CONTIDOS

1.- Comunicación oral: falar, escoitar e conversar.

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.

- Audición de cancións populares actuais e doutros productos da cultura da sociedade de masas.

- Esforzo e interese no uso da lingua oral.

- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: contexto verbal e non verbal e coñecementos previos sobre as situacións, así como identificación de palabras clave.

- Producción de mensaxes orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal e cunha pronuncia que non dificulte a comunicación en inglés.

2.- Comunicación escrita: Ler e escribir.

- Manter comunicación persoal mediante correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (chats, correo electrónico…)

- Uso de estratexias para a planificación da escritura de textos: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer una primeira redacción, corrixir (ortografía, puntuación, coherencia, léxico…) reelaboración do texto e preparación da redacción definitiva, tanto en papel como en soporte dixital.

- Redactar a descripción dunha casa, unha habitación.

- Describir as actividades cotidiáns: casa, escola, tempo de mecer, etc.

- Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, sobre asuntos relacionados coas áreas temáticas.

- Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe formal e informal nas comunicacións escritas en inglés.

3.- Coñecemento da lingua.

- Revisión das normas básicas da ortografía da palabra, da oración e do texto.

- Identificación de elementos morfolóxicos no uso da lingua inglesa: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.

- Aprender a utilizar o presente simple (a –S na terceira persoa de singular) dos verbos para falar sobre actividades cotidiáns, números ordinais, verbo LIKE+ -ING, adverbios de frecuencia, dar a hora.

- Ampliación de expresións comúns, de frases feitas e de léxico apropiado a contextos concretos, cotiáns e das áreas temáticas: vocabulario relacionado coa casa, mobiliario, verbos relacionados con diferentes actividades diarias, comidas.

4.- Lingua e sociedade.

- Recoñecemento e aprecio das tecnoloxías que están ao servizo da comunicación así como da función social e cultural que cumpren.

- Utilización da prensa e da TV como fonte de información, mecer e coñecemento da cultura propia e doutras.

- Ampliación de fórmulas de cortesía axeitadas nos intercambios sociais.

5.- A educación literaria.

- Audición, contextualización e análise de cancións populares actuais (de grupos, cantautores,…) e doutros produtos da cultura popular da sociedade de masas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Identificar a idea xeral e as secundarias de mensaxes orais sinxelas que procedan de distintos medios audidovisuais ou emitidas cara a cara, sobre temas moi coñecidos para o alumnado adulto.

Avaliarase a comprensión da idea xeral de mensaxes breves e conversacións sobre temas próximos ao alumnado adulto, sempre que se emitan cunha pronunciación estándar e facendo uso das estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2.- Comprender e dar instrucións moi breves e sinxelas se se formulan a modo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas, aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas.

Avaliarase esencialmente que o alumno adulto é quen de seguir e dar instrucións moi básicas (como a de ir a un lugar ou comprender avisos básicos). Valorarase que se fagan preguntas e se dean respostas para asegurar a comunicación. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunas incorreccións sempre que non imposibiliten a comunicación.

3.- Comunicarse en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata, mediante frases memorizadas, breves e illadas, da linguaxe formal e informal. O alumno ou a alumna farase comprender aínda que realice pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación.

Trátase de avaliar a capacidade de formular e responder de maneira intelixible preguntas sinxelas sobre as súas actividades da vida diaria, tempo libre e lecer, relacións humanas e sociais habituais e sobre as condicións atmosféricas. Valorarase a utilización dun repertorio léxico moi elemental pero propio dos distintos temas abordados.

4.- Formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala o xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido.

Así avaliarase a capacidade do alumnado adulto de ofrecer e rexeitar, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía. Valorarase a utilización adecuada das expresións relativas á expresión do acordo, do desacordo, do interese, da posibilidade e imposibilidade, así como a expresión de números, cantidades, horas e expresións temporais sinxelas relacionadas co presente e co pasado.

5.- Escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelos relativos a necesidades inmediatas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediata necesidade (indicando horas, número, prezo…), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectores elementais.

BLOQUE 2

A linguaxe literaria

No segundo bloque do segundo módulo preténdese achegar o alumnado adulto ao coñecemento da literatura como sistema especial de comunicación, para incrementar a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas, mellorar o gusto pola escoita e lectura de textos literarios, e fornecer o seu espírito crítico.

A lingua e a literatura son transmisoras de significados culturais e iso supón atender a aspectos como o seu papel de depositarias e, ao mesmo tempo, comformadoras dunha determinada visión do mundo e da sociedade.

CONTIDOS

1.- Comunicación oral: falar, escoltar e conversar.

- Participación respectuosa e responsable en situacións de comunicación oral (diálogos, debates, coloquios…).

- Actitude crítica ante os usos orais que supoñen discriminación social, racial, sexual ou de calquera outro tipo.

- Obtención de información xeral e específica de textos orais sobre asuntos cotiáns e predicibles, procedentes de diferentes medios audiovisuais e con apoio de elementos verbais e non verbais.

- Participación en situación reaisou simuladas de comunicación (conversas telefónicas, peticións, autopresentancións, identificación de obxectos, lugares ou persoas) en todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación.

2.- Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Uso de estratexias para discriminar as ideas importantes das secundarias e así atopar as informacións significativas.

- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.
- Iniciativa para ler de xeito autónomo textos de certa extensión.

- Comunicación persoal con falantes ingleses mediante correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, e-mail, etc. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información.

3.- Coñecemento da lingua.

- Revisión dos elementos morfolóxicos básicos: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio e preposición.

- Aplicación de estratexias básicas para inferir, recordar, almacenar e ampliar o vocabulario activo.

- Léxico relacionado con actividades varias en diferentes momentos, os meses, lugares de actividades cotiáns, adxectivos de sentimentos.

- Uso das estruturas gramaticais (o presente verbal) e das función máis habituais: verbo CAN, uso de LET´S, preposicións de tempo e lugar, presente continuo, orde das palabras.

- Recoñecemento e pronuncia de fonemas de especial dificultade.

- Recoñecemento e produción de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases en inglés.

4.- Lingua e sociedade.

- Interese pola consulta das fontes de documentación escrita e dixital nas tarefas de aprendizaxe.

- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación física ou virtual con outras persoas.

- Coñecemento dos acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios dos lugares onde se fala inglés, obtendo a información por diferentes medios (biblioteca, Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Intervir en conversas e simulacións relacionadas coas experiencias persoais, cos plans e proxectos propios, con progresiva autonomía. Empregaranse estruturas sinxelas, as expresións máis usuais, e unha pronunciación que non impida a comunicación.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado adulto para participar en situacións de comunicación oral que impliquen a comprensión e a expresión de mensaxes. Estas conversas poderán ser as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (simulacións, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). As mensaxes poderán ser aínda titubeantes, incluír un léxico reducido e conter erros morfosintácticos.

2.- Reformular na lingua propia o sentido dun texto en inglés, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen esa lingua.

Avalíase a capacidade de mediar entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.
3.- Comprender a información xeral e a específica de textos escritos sinxelos de extensión variada. O alumnado demostrará a súa comprensión a través dunha tarefa específica.

Avaliarase se o alumnado adulto è quen de comprender textos escritos (correspondencia, anuncios, folletos de diverso tipo, narracións sinxelas, artigos de revistas, páxinas web, etc.), aplicando estratexias de lectura. Entre outras, utilizaranse aplicación de regras de formación de palabras, os coñecementos transferidos das linguas que coñeceou vinculados a outras áreas do currículo das persoas adultas e a inferencia dos significados polo contexto.

4.-Escribir, en inglés, a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiáou de inmediata necesidade.

Avalíase a capacidade do alumnado para escribir, en papel ou soporte dixital,notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade. Isto farase a partir de modelos previos, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio xa aprendido.

5.- Aplicar os coñecementos sobre a lingua inglesa, e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.

Trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e a composición e revisión de textos.

6.- Seleccionar exemplos de aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala inglés, mostrando interese por coñecelos.

Preténdese avaliar o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e literatura dos países onde se fala a lingua estranxeira, valorando especialmente o respecto intercultural.

## *NIVEL II*

MÓDULO 3 - BLOQUE 1

Os medios de comunicación

O ámbito lingüístico ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e da capacidade de interaccionar nas diversas situacións de comunicación. A sociedade actual posúe unha suficiencia extraordinaria para producir e consumir mensaxes, imaxes que chegan a través dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso vehículo de expresión, coñecemento e transfomación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento, Por todo iso, é imprescindible potenciar no alumnado, a través da análise e valoración das mensaxes dos medios, un xuízo crítico e unha reflexión cos que poida alcanzar un criterio propio e unha visión crítica da realidade, a través dun conxunto de estratexias básicas: seleccionar información, analizala, distinguir feitos de opinión, relacionar,etc.

CONTIDOS

1.- Escoitar, falar e conversar.

- Escoitar, identificar e comprender información xeral e específica de mensaxes sinxelas, de progresiva dificultade, cara a cara ou emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciados con lentitude e claridade.

- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua inglesa.

- Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos na lingua estranxeira.

2.- Ler e escribir.

- Comprensión da información xeral e específica de textos auténticos, en soporte papel e dixital, sobre temas cotiás de interese xeral e relacionados con contidos doutras áreas do currículo.

- Producción guiada de textos sinxelos e estruturados en inglés, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas, e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión de borradores) que axuden á reflexión sobre o proceso de escritura: facer unha presentación persoal, describir actividades cotiáns. Describir a vida diaria de outra persoa dun xeito sinxelo.

- Interese ante as tecnoloxías da comunicación e actitude crítica ante o seu uso. Tendo sempre una actitude crítica e reflexiva ante as mensaxes.

3.- Coñecemento da lingua.

- Uso de estratexias para a organización do traballo persoal, da autoavaliación e da autocorrección para progresar na aprendizaxe.

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados coas áreas temáticas: profesións, actividades diarias, de lecer, partes do corpo.

- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación en inglés: repaso do presente simple e continuo e diferenzas de uso, preposicións de lugar, uso e diferenzas entre A/AN, SOME/ANY, repaso de THERE IS/ARE, amosar direccións.

4.- Lingua e sociedade.

- Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e os propios de Galicia.

- Na lingua inglesa uso apropiado dende o punto de vista socio-cultural de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos como cortesía, acordo, discrepancia, etc.

5.- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Identificar a idea principal e os detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelos sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara ou por medios técnicos (radio, TV, etc).

Preténdese avaliar a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves sobre temas coñecidos (lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da aula) cunha pronunciación estándar e utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

Tamén se avalía se o alumnado è quen de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos…) para o obxectivo comunicativo, relativos a acción, acontecementos e necesidades cotiás en tempos presente e pasado.

2.- Comprender a información xeral e os datos máis relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada e sinxelos, e próximos ao alumnado adulto.

Valorarase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos sinxelos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas de interese xeral, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas, como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais.

3.- Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.

Trátase de verificar, en todas as tarefas de interacción oral, que se é quen de mobilizar recursos lingüísticos, como a utilización de expresións memorizadas fixas para pedir que lle falen a un máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron, ou que lle soletre enunha palabra que non se entendeu.

4.-Escribir de forma guiada textos diversos sinxelos e breves, coidando o léxico, as estruturas e os elementos de cohesión e coherencia, para remarcar a relación entre as ideas e facelos comprensibles ao lector.

Preténdese valorar se o alumnado adulto è quen de comunicarse por escrito facendo uso do rexistro adecuado. Os textos incluirán una sintaxe simple e fácilmente comprensible, un léxico limitado pero apropiado ao contexto, e a ortografía e a puntuación correctas.

5.- Aplicar os coñecementos sobre a lingua inglesa e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e como instrumento de autocorrección e autoavaliación, para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.

Trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en inglés, e para compoñer e revisar mellor os seus propios textos.

BLOQUE 2

<u>As TIC como ferramenta de aprendizaxe da lingua</u>

O traballo neste bloque, iniciado xa no bloque 2 do módulo primeiro, céntrase tamén no emprego activo das tecnoloxías da información e da comunicación, e ten como obxectivo que o alumnado adulto sexa competente no tratamento da información dixital. Cómpre aprender o alumnado a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán mellorar as súas habilidades para obter e expresar información significativa.

A lingua mesma é a ferramenta coa que se aborda a crecente información de que se dispón. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para una axeitada xestión da información atendendo ás distintas finalidades prácticas, persoais e profesionais. Necesitaranse estratexias para organizar, relacionar e sintetizar esta información e tamén para prepararnos para os novos avances tecnoloxícos que se aveciñan.

CONTIDOS

1.- Comunicación oral: Escoitar, falar e conversar.

- Comprensión de mensaxes orais sinxelos dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás crónicas e reportaxes.

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados en inglés.

- Producción oral de descricións, narraciöns e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos nalingua inglesa.

- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua inglesa.

2.- Ler e escribir.

- Comprensión de textos propios da vida coitá e das relación sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e de correo electrónico, normas e instrucións de uso.

- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información coa fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.

- Comunicación persoal con falantes da lingua inglesa mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, e-mail, etc.

- Describir a outra persoa o que había e non había na súa habitación con anterioridade. Describir actividades cotidiás feitas con anterioridade.

3.- Coñecemento da lingua.

- Coñecemento das normas de puntuación en relación coa cohesión sintáctica, e das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

- Uso do pasado simple dos verbos TO BE, THERE WAS/WERE, regulares e irregulares, pronomes complemento.

- Uso de estratexias para a organización do traballo persoal para progresar no aprendizaxe.

- Aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, sembrar e utilizar léxico: adxectivos que amosen emoción e interese, verbos regulares/irregulares.

- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxía da información e da comunicación) para a aprendizaxe da lingua inglesa.

- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita en inglés.

4.- Lingua e sociedade.

- Coñecemento dos elementos culturais máis significativos dos países onde se fala a lingua inglesa. Literatura, arte, música, cine, obtendo a información por diferentes medios (a biblioteca, a prensa, a Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación).

- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua inglesa utilizando soporte papel ou medios dixitais.

5.- Educación literaria.

- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Comprender os puntos principias e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos sinxelos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ououtra información relativa a situación de necesidade inmediata.

Preténdese avaliar que o alumnado é quen de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá.

2.- Intervir en conversas e simulacións relacionadas coas experiencias persoais, cos plans e proxectos propios, con progresiva autonomía. Empregaranse estruturas sinxelas, as expresións máis usuais, e unha pronunciación que non impìda a comunicación.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado adulto para participar en situacións de comunicación oral que impliquen a comprensión e a expresión de mensaxes. Estas conversas poderán ser as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (simulacións, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). As mensaxes poderán ser aínda titubeantes, incluir un léxico reducido e conter erros morfosintácticos.

3.- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación dunha maneira cada vez máis autónoma para buscar información, escribir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relación persoais orais e escritas.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado adulto de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender en actividades habituais da aula e para establecer novas relacións persoais. As comunicacións tratarán sobre temas familiares para o alumnado adulto previamente traballados.

4.- Escribir descricións moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descrición de características físicas e psicolóxicas elementais pero precisas.

Preténdese valorar a capacidade do alumnado adulto para facer descricións elementais sobre lugares e obxectos familiares utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero amplo.

5.- Narrar de forma sinxela e breve feitos e experimentos, así como exponer plans e presentar proxectos de xeito elemental e relacionados con temas cotiás.

Téntase avaliar a capacidade de redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, actividades, plans e proxectos relativos a asuntos cotiánsou de interese persoal, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.

6.- Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala o inglés, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.

Valorarase se o alumnado adulto é quen de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos caraterísticos da cultura dos países onde se fala o inglés, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

MÓDULO 4 - BLOQUE 1

<u>A comunicación persoal e profesional</u>

O obxectivo do ámbito da comunicación é desenvolver a capacidade de comprender e de saber comunicarse nas diversas situacións e contextos da vida. A linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e nas súas relacións e posibilidades sociais e profesionais. É tamén o instrumento imprescindible para entender e explicar o mundo, e intentar a súa transformación.

Facilitáranse o alumnado estratexias para a consecución da súa autonomía persoal e da súa capacitación para integrarse como compoñente pleno nasociedade, a través dun uso máis maduro da linguaxe, especialmente en contextos laborais.

Os contados máis importantes deste bloque son os relativos ao perfeccionamento das técnica de comprensión e composición de textos propios, especialmente dos que debe usar nas súas relación sociais e profesionais.

CONTIDOS

1.- Escoitar, falar e conversar.

- Escoita, identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas sinxelas sobre temas coñecidos, presentados de forma clara e organizada, co fin de contestar a preguntas ou cuestións sobre temas coñecidos.

- Participación activa en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversas fins comunicativas na lingua inglesa.

-Participación activa en diversas situacións de comunicación reais ou simuladas onde se transmita información e se expresen opinións, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.

-Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.

- Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial, á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.

- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e alleos para regular a propia donduta.

- Participación en actividades de aprendizaxe compartida para fomentar estratexias de cooperación e respecto.
2.- Ler e escibir.

- Comunicación persoal con falantes da lingua inglesa a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.

- Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, utilizando correctamente a ortografía e os signos de puntuación nalingua inglesa.

- Enviar un email a un coñecido dende outro lugar.

- Facer unha invitación para una actividade no futuro.

3.- Coñecemento da lingua.

- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de autoaprendizaxe.

- Uso de WILL, GOING TO e diferencias para falar do futuro; uso de SHOULD; condicionais de tipo 1,2.

- Na lingua inglesa, uso de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados coas áreas temáticas de estudo: vocabulario sobre o tempo atmosférico, a comida, bebida, medios de transporte.

- Recoñecemento e produción autónoma de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases en inglés.

4.- Lingua e sociedade.

- Valoración da importancia da lingua inglesa en todos os eidos das relación internacionais.

- Identificación das características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e relación cos patróns culturais existentes en Galicia.

5.- Educación literaria.

- Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer.

- Localización en bibliotecas, bibliotecas virtuais e noutras páxinas web de textos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Identificar a idea principal e os detalles de textos e mensaxes orais sinxelos sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara ou por medios técnicos (radio, TV, etc.).

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto para comprender mensaxes orais que traten sobre as necesidades materiais e as relación sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións das persoas adultas.

2.- Intervir en conversas sinxelas e en simulacións, usando estratexias adecuadas aos diversos momentos da comunicación: inicio, mantemento e remate. O discurso será comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.

Valorarase a capacidade do alumnado adulto para desenvolverse en conversacións sinxelas con funcións diferentes (establecer relacións, expoñer, narrar e argumentar, describir e dar instrucións).

3.- Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira autónoma con diferentes propósitos: buscar información, escribir textos sinxelos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e establecer relación persoais orais e escritas.

Trátase de valorar a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender a través das actividades habituais da aula e para establecer relación persoais tanto orais como escritas.

4.- Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar sinxela, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos das persoas adultas.

Preténdese verificar a capacidade do alumnado para identificar as formas lingüísticas que expresan a intención de comunicación do remitente, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado.

5.- Comprender, de maneira suficiente, correspondencia formal breve para captar as información principais que conteña sobre cuestións básicas ou relacionadas co seu traballo.

Quérese avaliar o coñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; saúdo, asunto, corpo da carta, despedida e sinatura), así como a capacidade de comprender un repertorio básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a solicitude dun traballo, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc. coa axuda dun dicionario.

6.- Dar información elemental escrita sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses propios do alumnado adulto.

Preténdese valorar a capacidade do alumnado para escribir información básica, como redactar un currículum vitae esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc. sobre o traballo (profesión, horario, lugar de traballo…), os estudos, os hábitos (condicións de vida, horarios e actividades diarias) e os seus intereses (deportes, música…), dun xeito breve e sinxelo, usando estruturas básicas e aprendidas e utilizando un repertorio léxico moi básico e limitado, pero propio do tema.

BLOQUE 2

<u>A lingua como instrumento de aprendizaxe</u>

Os contados son eminentemente instrumentais e deben preparar o alumnado adulto para utilizar a lingua como vehículo para seguir adquirindo coñecementos durante toda a súa vida. A linguaxe

constitúese así en instrumento de aprendizaxe do resto dos ámbitos, posto que a propia lingua é a ferramenta imprescindible do coñecemento.

O alumnado debe desenvolver as estratexias necesarias para que aprenda a manexar a lingua en todalas situacións de comunicación.

Destacan a análise e uso de procedementos para que o adulto poida autodirixir conscientemente a súa aprendizaxe, desenvolvendo estratexias para buscar, organizar e expresar a información, especialmente con fins académicos, e poder seguir así aprendendo ao longo de toda a súa vida.

Terán especial significado o uso das técnicas de traballo intelectual e dos formatos máis útiles dos textos informativos (resumos, informes…).

CONTIDOS

1.- Escoitar, falar e conversar.

- Comprensión de textos procedentes de distintas presentacións, exposicións ou conferencias realizadas no ámbito académico.

- Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos…) na intervención oral planificada.

- Uso de estratexias para desenvolver a comprensión das mensaxes orais: contexto verbal e non verbal, coñecementos previos sobre a situación, identificación das palabras clave e da actitude e intención do falante.

- Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentación orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.

- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción en inglés.

- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propio e alleos, e para regular a propia conduta.

- Estratexias para favorecer a participación en actividades de aprendizaxe compartida fomentando a cooperación e o respecto.

2.- Ler e escribir.

- Uso de estratexias que faciliten a recollida de información: apuntamentos, sublimado, guións, fichas temáticas, resumos.

- Composición de textos, en soporte papel ou dixital, do ámbito académico, elaborados a partir de diversas fontes e organizados mediante esquemas, mapas conceptuais e resumos.

- Describir un lugar/rexión xa visitado.

- Describir o que alguén leva posto e comparar os gustos de diferentes persoas sobre a moda actual.

- Estratexias para a utilización autónoma da biblioteca e de buscadores virtuais para obter, seleccionar e organizar a información.

- Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación para fomentar una sensibilidade crítica fronte a elas.

- Obtención de información xeral de textos orais auténticos, gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais.

- Consolidación de estratexias de lectura xa utilizadas como a identificación do tema dun texto escrito co apoio contextual que este conteña.

- Lectura autónoma de textos máis extensos nalingua inglesa relacionados cos intereses do alumno adulto.

3.- Coñecemento da lingua.

- Identificación e uso reflexivo dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna, favorecendo a autonomía na revisión dos propios textos.

- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste nas linguas que coñece.

- Uso do PRESENT PERFECT e contraste co pasado simple, uso de FOR/SINCE, YET/ALREADY, EVER; comparativos e superlativos; oracións de relativo (WHO/WHICH).

- Léxico relacionado con actividades deportivas, características xeográficas, a roupa, adxectivos relacionados coa moda.

- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou recursos informáticos).

- Participación naavaliación da propia aprendizaxe da lingua inglesa e uso de estratexias de autocorrección.

4.- Lingua e sociedade.

- Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua inglesa, obtendo a información por diferentes medios (biblioteca, prensa, Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación).

- Uso apropiado, dende o punto de vista sociocultural, de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos, como cortesía, acordo, discrepancia…

5.-Educación literaria.

- Aproveitamento autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

- Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Desenvolverse en situacións de comunicación orais da vida cotiá, reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de interese, desinterese, contento, satisfacción, decepción, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.

Avaliarase a capacidade do alumnado adulto de expresarse nun rexistro estándar en situación nas que se deban mostrar sentimentos ante as persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relación sociais básicos, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais e logrando a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.

2.- Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritos, breves e sinxelos; textos que presenten unha secuencia lineal de elementos, publicados en medios de información, e que traten temas moi coñecidoou relacionados coa súa experiencia e intereses das persoas adultas.

Preténdese valorar a capacidade do alumnado para localizar información específica básica. Por ejemplo, nunha entrevista: información sobre o carácter da persoa, o aspecto físico, os gustos; nunca noticia breve ou suceso: o lugar e as persoas implicadas; nunca narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven.

3.- Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, exponer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con asuntos cotiás e de interese persoalnas distintas áreas temáticas.

Avaliase a capacidade de redactar textos breves e sinxelos sobre actividades, acontecementos, de temas cotiás e de interese persoal empreñando os tempos verbais en presente, pasado e futuro, usando unha serie de oracións sinxelas enlazadas con conectores simples.

4.- Empregar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo os textos modelo.

Preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura seguindo modelos de textos de características similares: a planificación e o ensaio do texto; a revisión que garanta a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito. Tamèn se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, as novas tecnoloxías, etc.).

5.- Aplicar os coñecementos sobre a lingua inglesa e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.

Tràtase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxesorais en inglés, e a composición e revisión de textos.

6.- Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala inglés, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.

Valorarase se o alumnado adulto é quen de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos característicos da cultura dos países onde se fala inglés, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

**MINIMOS ESIXIBLES**

Para o ensino secundario de adultos sempre teremos en conta os obxectivos mínimos e os temas que se conseguen dar cada curso.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA PROMOCIONAR DE 1º A 2º DE ESA

CONTIDOS

- Os verbos To Be e To Have (got)
- Números
- Posesivos, demostrativos, pronomes
- Existencia de presente (Thereis/are)
- Adxectivos: posición e graos de significación
- Contabilidade/incontabilidade (some/any)
- Xenitivo xasón
- Comprender e interpretar mensaxes orais sinxelos
- Dicir ou escribir frases sinxelas
- Aprendizaxe dun vocabulario básico para contextos cotidiáns
- Achegamento a costumes e hábitos do mundo anglosaxón
- Interese e curiosidade pola lingua inglesa. Apreciar a súa utilidade
- Esforzo e boa disposición para expresarse en inglés
- Participación activa nas actividades da clase e nas tarefas encargadas
- Respecto pola forma de vida allea á nosa

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA PROMOCIONAR 2º A 3º DE ESA

CONTIDOS

- Describir accións/hábitos en senso xeral (preste. Simp)
- Indicar frecuencia das actividades
- Adxectivos: posición e graos de significación
- Preposicións
- Describir accións do momento (prest. Cont)

- A hora

- Números ordinais

- Comprender e interpretar mensaxes orais sinxelos

- Dicir ou escribir frases básicas para describir actividades cotidiáns

- Aprendizaxe dun vocabulario básico para contextos cotidiáns

- Achegamento a costumes e hábitos do mundo anglosaxón

- Interese e curiosidade pola lingua inglesa apreciando a súa utilidade

- Esforzo e boa disposición para expresarse en inglés

- Participación activa nas actividades da clase e nas tarefas encargadas

- Respecto pola forma de vida allea á nosa

MÍNIMOS ESEXIBLES PARA PROMOCIONAR DE 3º A 4º DE ESA

CONTIDOS

- Describir hábitos e rutinas (presente simple) en contraste coas accións no momento da fala (presente continuo)

- Expresar as frecuencias coas que se realizan algúns hábitos (adverbios de frecuencia)

- Falar do pasado (Pasado simple)

- Expresar gustos propios e preguntar polos alleos

- Contabilidade / incontabilidade: some/any /a

- There is / are

- Vocabulario: profesións, preposicións de lugar, o corpo, direccións, léxico relacionado coas emocións, actividades de tempo libre

- Comprender e interpretar mensaxes orais e textos sinxelos

- Producir mensaxes e textos sinxelos

- Comparar os aspectos do modo de vida dos países de fala inglesa cos nosos

- Interese e curiosidade cara as ideas expresadas nos textos en inglés

- Esforzo por expresarse e facerse comprender na lingua inglesa

- Participación activa e actitude positiva na clase de idioma

- Respecto polas formas de vida distintas da nosa

CONTIDOS MÍNIMOS 4º DE ESA

CONTIDOS

- Present simple and present continuous

- Past simple

- Falar sobre o futuro (Will)

- Present perfect + already, yet, for, since

- Present perfect / past simple

- Will and going to

- O comparativo e o superlativo

- First and second conditional

- Relative clauses (Who, Which)

-Vocabulary: Clothes, word formation (adverbs and negative prefixes), geographical features, British and American English, computers, money, a moda, o tempo atmosférico, comida e bebid

- Comprensión e interpretación de mensaxes orais e textos sinxelos

- Producción de mensaxes e textos sinxelos

- Comparación do modo de vida dos países de fala inglesa conoso

- Interese e curiosidade cara ás ideas expresadas nos textos escritos en inglés

- Esforzo por expresarse e facerse comprender en lingua inglesa

- Participación activa e actitude positiva na clase de idioma

Así mesmo, en adultos, o alumnado que ten pendente a materia do nivel anterior poderá asistir ás clases de reforzo e realizar tarefas de recuperación. Nestas clases farase fincapé nas actividades máis axeitadas para reforzar ós alumnos nos apartados nos que teñen máis dificultades. O alumnado que consiga pasar a avaliación continua non terá que pasar o exame final de recuperación do nivel (nos meses de maio-xuño).

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A proba inicial de diagnóstico non será calificable, realizarase só para coñecer o nivel do alumnado e do grupo, detectar necesidades de aprendizaxe, e valorar prácticas de ensino.

Ó final de cada curso farase una avaliación do alumnado (1º e 3º ESA a finais de xaneiro, e 2º e 4º ESA a finais de xuño).Para o alumnado suspenso, haberá una avaliación extraordinaria en maio-xuño.

Avaliarase ós alumnos en función do criterio de mínimos de cada un dos diferentes niveis:

Unha proba de contidos básicos por tema, así como pequenas probas das diversas destrezas que axudarán a definir a nota de avaliación

Traballos de clase e casa (presentación, corrección e puntualidade na entrega, non se admitirán fora de prazo)

Exercicios das diversas destrezas lingüísticas

Ademáis teranse en conta os seguintes aspectos básicos dentro da formación cívica e cidadá como individuos que forman parte dunha sociedade:

Interese, participación e aportacións persoais na aula (con coherencia e respecto)

Actitude positiva, atención na aula e realización das tarefas

Comportamento correcto e respetuoso na clase cara ó profesor e compañeiros

Asistencia e puntualidade

Traer o material necesario para as actividades a clase

O alumnado deberá asistir ás probas de avaliaciónna data e hora sinaladas. No caso de non asistir terá que presentar un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes) para ter o dereito á repetición das probas.

As probas obxectivas de cada unidade irán acompañadas de pequenas probas específicas que servirán para avaliar a progresión no aprendizaxe e detectar as necesidades de reforzo de ser o caso. O profesor avaliará cada unidade ou bloque por separado dacordo coa normativa. Os alumnos que teñan a avaliación continua suspensa pero só con alguna parte ou partes recuperarán esas partes na proba final extraordinaria.

Valoraranse as actividades de repaso, tarefas, etc. e a súa presentación axeitada, así como a participación nas actividades realizadas dentro e fóra da aula.

A nota da avaliación obterase a partir de:

Probas obxectivas das diferentes destrezas 80%
Dosier de traballos 10%
Actitude 10%

As probas obxectivas terán a seguinte valoración:
Writing 20%
Use of English/Grammar 50%
Listening 10%
Reading 10%
Speaking 10%

O alumnado deberá acadar un mínimo de 4 neste materia para poder facer media coas outras dúas de comunicación (galego e castelán).

O alumnado que non poidera asistir nunca (por traballo, enfermidade) será avaliado nunha proba final extraordinaria, como xa queda dito. Esta proba está dirixida a demostrar a consecución dos Contidos Básicos.

A valoración das probas será a seguinte:
Writing 15%
Reading 15%
Use of English / Grammar 50%
Speaking 10%
Listening 10%

En caso de non poder realizarse a proba de *Listening* a nota sumarase a *de Use of English*.

MATERIAIS, RECURSOS E TEXTOS

Nos niveis I e II utilizaranse diferentes fontes para tentar cumplir os obxectivos correspondentes a cada un, tendo sempre en conta o tipo de alumnado que acude regularmente ás clases (moi variado en idade e coñecementos previos).

Como texto base utilizarase ENGLISH FOR ADULTS TODAY– 1. Para aqueles alumnos con dificultades específicas tamén se utilizarán textos sinxelos e material de apoio e complementario.

Nos niveis III e IV tamén se utilizarán diversas fontes. Nestes niveis as diferenzas entre o alumnado son claras.

Neste curso seguirase utilizando o texto NEW BURLINGTON ENGLISH FOR ADULTS-2 como base e distintos materiais complementarios, entre eles o repositorio de contidos da Xunta.
Por suposto neste apartado temos que ter en conta outros materiais a utilizar segundo a dispoñibilidade do centro: video, ordenadores (Internet), biblioteca…

**Programación didáctica ESA. Ámbito de Comunicación**

## 0. Introdución e contextualización

A educación secundaria para adultos desenvolve os procesos de pensamento, reflexión e análise necesarios para que as mulleres e os homes se adapten as presións cotiás do medio natural e social e aos cambios que nel se producen.

Estas necesidades fanse imprescindibles para moitos adultos que non tiveron a posibilidade de acceder a unha educación formal suficiente no seu momento, educación que lles permitirá integrarse e promocionarse adecuadamente no mundo social e laboral.

Desde esta óptica da educación como tarefa continuada na vida , formularanse unha serie de obxectivos, contidos, metodoloxía para poder aproveitar todos os recursos dispoñibles de maneira satisfactoria.

A lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro e posteriormente a Lei 9/1992, do 24 de xullo, xunto co decreto 88/1999, do 11 de marzo, constitúen o punto de referencia obrigada para o desenvolvemento da educación de adultos.

O Real Decreto 1631/2006 , determina as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria e establece que as ensinanzas deben orientarse ao logro das competencias básicas, imprescindibles para a realización persoal, para exercer a cidadanía activa, para incorporarse á vida social e laboral e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

No ámbito da comunicación intégranse os coñecementos, destrezas e valores que permiten a unha persoa adulta comunicarse cos demais na lingua ou linguas que lle son propias , e nunha lingua estranxeira. Tómanse como referencia os aspectos básicos do currículo relativos as materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e a primeira lingua estranxeira. Esta organización do currículo fomentará a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimensión intercultural e a estruturación e organización do propio pensamento. Os obxectivos do ámbito só se poden acadar con un enfoque integrador das linguas, sen esquecer a existencia de aspectos específicos de cada unha das materias integradas no ámbito.

Por outro lado, para a elaboración do currículo do ámbito comunicativo debe terse en conta as características do alumnado ao que vai dirixido. As persoas adultas caracterízanse por ter, por unha parte, coñecementos adquiridos ao longo da súa traxectoria vital, na situación familiar, na experiencia laboral e noutros ámbitos e , por outra , un grao de madurez en tódalas ordes do que carecen os nenos e adolescentes. Estas características xunto cas súas necesidades de inserción ou mellora social, cultural e profesional, así coma outros condicionantes de tipo social (falta de tempo e de ambiente de estudio) levan a crear proxectos curriculares que responden a estas circunstancias. Isto supón adaptar o currículo das ciencias á formación básica destas persoas adultas xa que se parte de escasos coñecementos previos e compaxinan o estudio con outras responsabilidades.

Para o curso 2022-2023 teremos clases bastantes heteroxénea, con persoas dende 16, que aínda teñen cerca a súa escolarización, a persoas de ata 40 anos, que poden presentar lagoas de

aprendizaxe e dificultade memorística. Coma resposta a este reto selecciónanse os contidos elixindo os que se consideran máis idóneos para a construción dun coñecemento significativo e aqueles que poidan ter pouca aplicabilidade na vida cotiá. Estes contidos deberán estar relacionados coa cultura do alumnado e das diferentes disciplinas que configuran o ámbito.

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.

A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

O ámbito da comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para conseguir unha competencia plena en ambalas dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran a ámbito como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambalas dúas.

**Os contidos** do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: normas ortográficas, clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, obras e xéneros máis representativos das literaturas galega e castelá.

O ámbito da comunicación (lengua e lingua) preséntase dividido en cinco bloques:

**O bloque 1** "Comunicación oral: escoitar e falar" atende ao uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

**O bloque 2** "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en galego e castelán.

**O bloque 3** "Funcionamento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

**O bloque 4** ”Lingua e sociedade” céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

**O bloque 5** "Educación literaria" asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en galego e castelán.

1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias claves de educación secundaria.

- Comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e contexto comunicativos.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A linguaxe é, asemade, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

- Competencia dixital (CD)

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

- Aprender a aprender (CAA)

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionario, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

- Competencias sociais e cívicas (CSC)

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

A ensinanza das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste Ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade así como a erradicación de usos discriminatorios da linguaxe.
O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.

As competencias clave e o concepto de aprendizaxe competencial nacen dunha relación co aprendizaxe permanente, xa que desde os organismos educativos europeos indícase que a xente necesitara un grande número de competencias para desenvolver o seu potencial persoal e laboral nunha sociedade cambiante na que deberán asumir traballos que pode que inda non existan. Necesitarán competencias lingüísticas e interculturais , capacidades creativas e de innovación , e por suposto a habilidade de aprender autonomamente.

## 2. Concreción, de ser o caso , dos obxectivos para a etapa

A educación secundaria para adultos vai axudar a desenvolver aos alumnos e alumnas as habilidades que lles permitan:

a) Formar unha imaxe adecuada de si mesmos; das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.

b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.

c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensa- mento e iniciativa.

d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.

e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprende- dor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.

h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.

l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.

n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega. o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.

p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

## 3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

As materias troncais quedan englobadas en ámbitos: ámbito comunicativo (lengua castelá e literatura, lingua galega e literatura e inglés) e ámbito científico.

Así os estándares que lles corresponden en este caso **(Ámbito comunicativo I: Lengua e Lingua)** son:

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR** | | | | |
| d e g h l | B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais | B1.1. Comprender e interpretar a intención | B1.1.1. Comprende e interpreta a intención | CCL CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ñ | dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica | comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación. | comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación. | CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá. | |
| | | | B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía. | |
| a g i | B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | B.1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | CCL<br>CAA |
| | | B.1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto. | B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto. | |
| a c d g h i j | B1.3. Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese. | B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese. | B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.4.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas ...) | |
| a e l | B1.4. Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás producións. | B1.5. Coñecer e aplicar as TIC na produción de textos orais e escritos. | B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais. | CCL<br>CD |
| a | B.1.5. Articulación clara, | B.1.6. Valorar unha | B1.6.1. Valora e, de forma | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g | pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos. | articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | |
| | B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta. | B1.7. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta. | B1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | |
| | | | B1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| a b<br>d e<br>f g i | B1.7. Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes. | B1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | B1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | |
| | | | B1.8.2. Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais | |
| | | | B1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía. | |
| | | | B1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións. | |
| a b<br>c d<br>m n | B1.8. Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos que están implícitos prexuízos de todo tipo. | B1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos. | B1.9.1. Recoñece a intencionalidade do/-a emisor/-a a partir dos elementos contextuais. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | B1.10. Analizar criticamente as mensaxes que leven calquera tipo de prexuízo ou sexan | B1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | discriminatorias. | | |
| | | | B1.10.2. Evita o seu uso. | |
| c d m n | B1.9. Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais. | B1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas coma planificadas. | B1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega. | |
| | | | B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación. | |
| a e f g h i j | B.1.10. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo. | B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais. | CCL<br>CAA |
| | | | B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade. | |
| | | | B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | |
| | | | B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais. | |
| | | | B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | |
| | | | B1.12.6. Recoñece e avalía | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos). | |
| a e f | B1.11. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa | B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social | B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas | CCL<br>CSC<br>CSC |
| | | | B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | |
| a e g | B1.12. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación. | B1.12. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | B1.12.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | CCL<br>CAA |
| **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LEER E ESCRIBIR** | | | | |
| a e g h | B2.1. Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado. | B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación. | B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC |
| | | | B2.1.2. Comprender, interpretar textos dos medios de comunicación. | |
| | B2.2. Comprensión e interpretación de textos narrativos. | B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos. | B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a e g h i | B2.3. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A noticia. | B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia. | B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia). | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC |
| | | | B2.3.2 Identifica coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística. | |
| | B2.4. Comprensión e interpretación de anuncios publicitarios. | B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios. | B2.4.1. Comprende, interpreta anuncios publicitarios. | |
| | | | B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria. | |
| g | B2.5. Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | CCL |
| g h j | B2.6. Análise pautada, síntese do contido, de textos escritos, en formato papel ou dixital, para a identificación das ideas principais e secundarias. | B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetízao. | B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas. | CCL<br>CAA |
| | | | B2.6.2. Fai esquemas coas ideas principais e secundarias. | |
| | | | B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos. | |
| | | | B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo. | |
| | | B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | |
| a e f g h i j | B2.7. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e | B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes | B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e | CCL<br>CMCCT<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital. | estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva. | desenvolve ideas, organízaas e fai un esbozo. | CSC<br>CCEC |
| | | | B2.8.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. | |
| | | | B2.8.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa. | |
| | | | B2.8.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal. | |
| | | | B2.8.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). | |
| | | | B2.8.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva. | |
| a e f | B2.8. Busca do significado do léxico descoñecido promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais. | B2.9. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información... | B2.9.1. Busca palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B2.9. Utilización das bibliotecas e das TIC como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita. | B2.10. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as TIC como fonte de información. | B2.10.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas. | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | B2.10.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet. | |
| A h e f g | B2.10. Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos da vida cotiá. | B2.11. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais, en formato papel ou dixital | B2.11.1. Produce textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC |
| | B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida académica. | B2.12. Producir textos da vida académica en formato papel ou dixital. | B2.12.1. Produce textos, en formato papel ou dixital, propios da vida académica. | |
| | B2.12. Produción, en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos. A noticia. | B2.13. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital. | B2.13.1. Produce textos xornalísticos (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital. | CCEC |
| | B2.13. Produción, en formato papel ou dixital, de textos narrativos. | B2.14. Producir textos narrativos, en formato papel ou dixital. | B2.14.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital. | |
| a l | B2.14. Uso de técnicas de tratamento textual coas TIC (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto para a planificación como para a revisión e mellora do texto. | B2.15 Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto. | B2.15.1. Usa, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto. | CCL<br>CAA<br>CD |
| g h | B2.15 Interese pola presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas | B2.16 Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou | B2.16.1 Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | utilizadas. | tipográfico. | | |
| | | | B2.16.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade. | |
| | | | B2.16.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía. | CCL<br>CAA |
| a l | B2.16. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios. | B2.17. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial. | B2.17.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| d m n | B2.17. Actitude positiva e activa respecto da utilización da lingua galega nos textos escritos | B2.18. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega | B2.18.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega. | |
| | | | B2.18.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico. | |
| a m n | B2.18. Toma de conciencia da importancia persoal e social do dominio do textos escritos. | B2.19. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | B2.19.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | |
| a e | B2.19. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas. | B2.20. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora. | B2.20.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. | CCL<br>CAA |
| a c e | B2.20. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa, para participar na sociedade plural e diversa do S. XXI. | B2.21. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual | B2.21.1. Valora a lingua como o grande medio de comprensión e<br>participación da/na colectiva e individual<br>historia | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| Bloque 3: Funcionamento da lingua | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g h | B3.1. Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral. | B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita. | B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita. | CCL |
| | | B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | |
| | B3.2. Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | B3.3. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | B3.3.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | |
| | B3.3. Adecuación dos textos aos rexistros coloquial ou formal, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe. | B3.4. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da | B3.4.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe. | |
| a g | B3.4. Recoñecemento do sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua. | B3.5. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua. | B3.5.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. | |
| | | | B3.5.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | lingua galega. | |
| g h | B3.5. Recoñecemento do parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | B3.6. Recoñecer o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | B3.6.1. Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | |
| | B3.6. Recoñecemento e uso das normas ortográficas. | B3.7. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía. | B3.7.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas). | |
| | | | B3.7.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B/V. | |
| | B3.7. Recoñecemento da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato. | B3.8. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato. | B3.8.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra. | |
| | | | B3.8.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos. | |
| a l | B3.8. Iniciación ao uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.9. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.9.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | CCL<br>CD<br>CAA |
| g h | B3.9. Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais tónicos | B3.10. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico | B3.10.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B3.10. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.11. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.11.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros. | |
| | B3.11. Comprensión e utilización dunha terminoloxía lingüística básica. | B3.12. Coñecer e usar unha terminoloxía básica. | B3.12.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica. | |
| a g h i | B3.12. Coñecemento de expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas. | B3.13. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas. | B3.13.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. | |
| a g h | B3.13. Coñecemento, construción e utilización de oracións simples: enunciativa, interrogativa, desiderativa, dubitativa exclamativa e imperativa. | B3.14. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa. | B3.14.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor. | |
| a g h i | B3.14. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. Recoñecemento da sinonimia, a antonimia e a polisemia. | B3.15. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito. | B3.15.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas. | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | | | | |
| | B4.1. Valoración das linguas | B4.1. Valorar as linguas como | B4.1.1. Valora a | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura. | CSC<br>CCEC |
| | B4.2. O plurilingüísmo: riqueza cultural individual e comunitaria. | B4.2. Valorar positivamente o plurilingüísmo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade. | B4.2.1. Coñece as linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora esta diversidade lingüística de riqueza inconmensurable. | |
| | B4.3. As linguas de España. | B4.3. Coñecer as linguas de España. | B4.3.1. Coñece as linguas que se falan en España. | |
| | B4.4. O galego e o portugués. | B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran. | B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade. | |
| | | | B4.4.2. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona. | |
| | B4.5. Análise da situación sociolingüística do seu ámbito familiar, do centro educativo e da súa cidade. | B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven. | B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean. | |
| | B4.6. Desenvolvemento de | B4.6. Adquirir vínculos positivos | B4.6.1. Analiza a | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | actitudes positivas cara ao proceso de normalización da lingua galega, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado do idioma galego. | cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma. | súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega. | |
| a d g h m n | B5.1. Lectura autónoma ou guiada de obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto | B5.1. Ler autónoma ou guiada obras de adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto. | B5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos. | |
| | | | B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos | |
| | | | B5.1.4. Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto. | |
| | B5.2 Lectura comentada de contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función. | B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función. | B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función. | |
| a d g h | B5.3 Lectura comentada e dramatizada de obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral. | B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral. | B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables. | |
| a g h | B5.4. Lectura, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cómic... | B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic... | B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. | |
| | | | B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. | |
| | B5.5. Diferenciación dos grandes xéneros literarios e recoñecemento das súas características a partir da lectura. | B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura. | B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura. | |
| a d m n | B5.6 Aprecio da literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | B5.6 Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | |
| a g h | B5.7. Produción, previa planificación, de textos con intención literaria. | B5.7. Producir textos sinxelos de intención literaria. | B5.7.1. Produce, previa planificación, textos con intención literaria. | |
| | B5.8. Coñecemento e uso de | B5.8. Coñecer e usar as | B5.8.1. Coñece e | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | |
| a g | B5.9. Audición e recitado de poemas. | B5.9. Oír e recitar poemas. Valorar a estética poética. | B5.9.1. Fai audicións de poemas recitados ou cantados. | |
| a f | B5.10. Utilización dirixida da biblioteca escolar, das bibliotecas municipais, bibliotecas virtuais e webs para o fomento e orientación da lectura. | B5.10. Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais. | B5.10.1. Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais. | |
| a f | B5.11. Desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa. | B5.11. Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo. | B5.11.1. Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo. | |
| | B5.12. Valora a lectura como fonte de pracer. | B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer. | B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios. | |

## 1º Temporalización

**ÁMBITO COMUNICATIVO I : LENGUA E LINGUA**

Os estándares relacionados co bloque 1: Comunicación oral (escoitar e falar) e o bloque 4 (lingua e sociedade), traballaranse no primeiro mes; o bloque 2 (comunicación escrita), traballarase no terceiro mes, o bloque 3 (funcionamento da lingua) traballarase no segundo mes, e o bloque 5 (educación literaria) traballarase no último mes. Con respecto ao bloque 3 (funcionamento da lingua) considérase tamén importante prestarlle atención durante todo o curso para mellorar a competencia lingüística do alumnado.

| | |
|---|---|
| BLOQUE 1 COMUNICACIÓN ORAL : ESCOITAR E FALAR | 17 SETEMBRO- 9 NOVEMBRO |

| | |
|---|---|
| BLOQUE 2 COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR | 12 NOVEMBRO- 21 DECEMBRO |
| BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA | 15 OUTUBRO-15 NOVEMBRO |
| BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE | 17 SETEMBRO- 11 OUTUBRO |
| BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA | 8 XANEIRO- 31 XANEIRO |

## 2º Grao mínimo de consecución da materia

**Ejemplo de ponderación en base a criterios de calificación explícitos:**

| Instrumentos de avaliación | | Ponderación da cualificación | |
|---|---|---|---|
| 1.Probas orais e escritas | De dúas a catro por avaliación | 60% | |
| 2. Traballos e proxectos, traballo na clase, caderno de traballo, participación, esforzo e atitude | Problemas, exercicios, respostas a preguntas, redaccións, caderno da clase … Inclúe a atención, participación na clase, actitude persoal do alumno, respecto cara os outros, e responsabilidade e compromiso no traballo oral ou escrito. | 40% | |
| 5. Libro de lectura. | Recoméndase un libro de lectura en cada avaliación (no caso de lengua e lingua) | 10 % | |

## <u>3º Procedementos e instrumentos de avaliación</u>

**Os alumnos deben ser avaliados usando criterios, normas e procedementos publicados e de forma coherente.**

Na avaliación do estudante débense empregar un conxunto de probas escritas orais , prácticas, proxectos e traballos que sirvan para determinar e orientar o progreso do alumnado.

Os procedementos de avaliación deben medir a consecución dos resultados de aprendizaxe esperado conforme os estándares de aprendizaxe da materia e inclúen normas claras sobre ausencias, enfermidades e outras circunstancias que impliquen a falta de traballo do alumnado. É necesario usar diferentes métodos de avaliación como son :

1.**A Autoavaliación** (o alumno identifica e decide si alcanzou os estándares de aprendizaxe propostos)

2.**Avaliación entre pares** (Os alumnos valoran o éxito do produto ou resultado de aprendizaxe dos compañeiros, pode ser so un feedback ou tamén unha cualificación).

3.**Revisión entre pares** (o alumno proporciona valoracións sobre a execución dos compañeiros)

4.**Coavaliación**: participación do alumnado e o docente no proceso avaliador.

Estes métodos complementaranse co uso das novas tecnoloxías da información (test online, kahoot, plickers…

No ámbito comunicativo I referido a **lengua e lingua** o procedemento sería o seguinte:

| **Estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación** | **Procedementos** | **Mínimo grado de consecución da materia** | **%** |
|---|---|---|---|---|
| | Exames escritos u orais<br>Rubricas para medir<br>( traballo de clase, interés e participación) | Exames específicos. Observarase atentamente o traballo de clase. | Os alumnos deben acadar o 50% dos estándares. (É dicir, 5 sobre 10 ou 10 sobre 20) | 100% |

| | | |
|---|---|---|
| Bloque 1<br>Comunicación oral | | 12.5% |
| Bloque 2<br>Funcionamento da lingua | | 25% |
| Bloque 3<br>Comunicación escrita | | 25% |
| Bloque 4<br>Lingua e sociedade | | 12.5% |
| Bloque 5<br>Educación literaria | | 25% |

Tipos de probas que poden facerse:

| Nome | Descrición | Para que | Como | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| **Exame oral** | Método imprescindible para medir os obxectivos educativos relacionados ca expresión oral. | Para comprobar a profundidade na comprensión, na capacidade de relacionar e o coñecemento de problemas actuais ou temas conflitivos. | Definir con claridade o obxectivo do exame: escalas de observación, rúbricas. | Exemplo: defensa de un proxecto de traballo persoal, entrevista profesor-alumno, presentación grupal, debate entre alumnos. |
| **Proba escrita de resposta aberta** | Proba con control cronometrado, na que o alumno constrúe a súa resposta. Pódese conceder o dereito a consultar material. | Para comprobar a capacidade de expresión escrita , organización de ideas, capacidade de aplicación, análise e creatividade. | É importante ter claros os criterios e os diferentes niveis de realización. | Varias modalidades: unha pregunta de resposta ampla ou varias preguntas de resposta breve en torno a un mesmo tema. |
| **Probas obxectivas (tipo test)** | Exame escrito estruturado con diversas preguntas nas que o alumno so sinala ou completa a resposta. | Permiten avaliar sobre unha base ampla de coñecementos e diferenciar ben o nivel de adquisición dos coñecementos dos alumnos | Debese seleccionar preguntas importantes na materia. | As opción de resposta deben ter unha lonxitude similar e do mesmo ámbito. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Mapa conceptual** | Mostra a forma de relacionar conceptos chave cun área temática. | Favorece a construción do coñecemento polo estudante. É útil cando hai unha forte carga conceptual. | Valora os conceptos e os niveis conectores e relacións entre eles. | Presentando variacións da mesma aplicación pódese enriquecer o potencial formativo: revisión de pares ou elaboración grupal. |
| **Traballo académico** | Desenrolo dun proxecto que pode ir dende traballos breves ou sinxelos ata traballos máis amplos e complexos. | Fomenta o desenrolo de diversas capacidades : busca e selección de información e lectura intelixente, organización e pensamento crítico. | Avaliando todos os obxectivos que se pretenden no traballo, establecendo criterios e niveis de valoración. Con pesos diferentes a cada un dos aspectos avaliados. | Débese proporcionar unha orientación detallada e clara e centrar o traballo en problemas e cuestións de todo tipo. |
| ***One minute paper*** | Preguntas abertas que se fan durante ou o final dunha ou dúas clases. | Para o desenrolo de certas habilidades como sintetizar, estratexias de atención, integración , información , aprender a escoitar e aprender na clase. | Moitas preguntas non requiren corrección , so anotaremos quen respondeu e que nota merece a resposta. | O interese das preguntas está no comentario posterior do docente. |
| **Diario** | Informe persoal no que se describen as preocupacións, sentimentos, observacións , interpretacións, hipóteses e explicacións. | Para que o alumno poida avaliar o seu propio proceso de aprendizaxe, para desenrolar a capacidade reflexiva e para facilitar o diálogo docente- alumno. | Débese establecer unha organización que sirva de apoio, reservando momentos para a súa elaboración e posterior diálogo. | Esta estratexia resulta útil de cara a analizar as fortalezas e as debilidades no proceso de aprendizaxe e proporciona retro-alimentación no momento oportuno. |
| **Proxecto** | E unha estratexia didáctica na que os alumnos desenrolan un produto novo e único mediante a realización dunha serie de tarefas e o | Para aprender facendo, para avaliar a responsabilidade e a creatividade e para afrontar problemas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe. | A partir dos obxectivos do proxecto, formulados claramente. | Nunha carpeta recóllense os documentos xerados na elaboración do proxecto. Pode incorporar actividades e evidencia da auto-avaliación sobre o seu |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | uso de distintos recursos. | | | traballo. |
| **Observa-ción (avaliase mediante rúbricas ou listas de cotexo)** | Estratexia baseada na recollida sistemática de datos no propio de aprendizaxe: execución de tarefas | Para obter información das actitudes a partir de comportamentos, habilidades e procedementos… | Identificar que avaliar, identificar manifestacións observables, codificar e elaborar o instrumento. | Listas de cotexo ou escalas, recollida dos cadernos de traballo. |

## 4. Concrecións metodolóxicas que require a materia e metodoloxía en caso de ensino non presencial por causa do COVID 19

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

Os contidos actitudinais deben ter sempre un papel central promocionando actitudes positivas e de respecto pola riqueza lingüística. O modelo de ensino-aprendizaxe da lingua partirá da **competencia comunicativa** que abrangue as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. O papel destacado do uso de estratexias axeitadas para o seu fin. Todo iso debe adaptarse e concretarse segundo as necesidades do alumnado. Os aspectos fundamentais son:

-Activación de **estratexias de aprendizaxe** e de comunicación

-**Integración das destrezas comunicativas**

-**Achegamento contextualizado** aos aspectos socioculturais

-O papel do **profesor como guía** do alumnado. O profesor será o presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas, orientará, estimulará, aconsellará, pero os alumnos deben asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais alumnos para conseguir os obxectivos propostos.

-**O alumno e o protagonista da súa aprendizaxe** e ten un papel activo na aula

-**A aula como espazo onde se producen situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participa**.

-Promóvese unha **aprendizaxe autónoma** e responsable.

-Presentación de tarefas e experiencias de **aprendizaxe significativas**, creando contextos que estimulen o interese dos alumnos na aprendizaxe , que fomenten a confianza en si propios, que aumenten a motivación e que desenvolvan a capacidade para planificar, autoavaliarse e aprender de xeito autónomo e independente.

-Os **materiais** serán preferentemente **auténticos**, así o alumno percibe a lingua como un verdadeiro instrumento de comunicación.

**A avaliación** é o instrumento que valora o uso axeitado da lingua fronte a o coñecemento do sistema teórico ou da simple corrección formal. O erro é un elemento inevitable e forma parte do proceso de aprendizaxe, e ofrece o profesorado información sobre a evolución e o estadio lingüístico do alumnado. Inda así, é aconsellable unha análise dos erros do alumnado para que este reflexione sobre a súa actuación de autoaprendizaxe e mellore.

En relación a lingua extranxeira, o principio fundamental e o da lingua como vehículo de comunicación.

Fomentárase , ante todo, a correcta expresión oral e escrita, promocionarase a comprensión lectora, a comunicación audiovisual, e a integración e **uso das tecnoloxías da información e comunicación** na aula como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Aproveitaranse as posibilidades das **metodoloxías por proxectos** sempre que sexa posible, así como os **recursos e actividades da biblioteca escolar**.

E moi importante neste ámbito curricular a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en diversos ámbitos, debemos continuar o proceso de aprendizaxe das linguas que xa comezou na súa vida e para iso deberemos:

-Transmitir os alumnos un vocabulario útil e necesario

-Explicar expresións típicas

-Axudar aos alumnos a comprender a gramática das linguas e úsala de forma correcta, sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.

-Trasladar aos alumnos aspectos da cultura e propiciar unha comparación coa súa propia zona

-Permitir aos alumnos centrarse na vida diaria , valorando as costumes propias de cada un

-Plasmar o mundo real coa axuda de textos e seccións informativas

-Proporcionar aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral coma por escrito, acerca de diferentes tipos de tema, facendo fincapé no seus intereses e motivación.

-Darlles aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar de forma motivadora ( con xogos ou autocontrois tipo kahoot, quizlet, quizziz...)

-Facer posible que os alumnos se convertan en mellores estudantes, e que sexan independentes. Anímaselles a usar compoñentes multimedia para practicar na casa.

A gramática será presentada indutivamente e despois practicarase con diferentes tipos de actividades. Os alumnos terán a oportunidade de utilizar a lingua de modo produtivo, personalizado e creativo.

Traballaranse todos os bloques : comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita

No caso de que se dera a circunstancia dun confinamento total ou parcial que imposibilitara o ensino presencial, adoptaríanse as medidas metodolóxicas expresadas no punto 5 da presente Programación.

## 5.Materiais e recursos didácticos

Disponse dos seguintes recursos materiais e dixitais:

-O libro de texto utilizado é o material recomendado pola Xunta para adultos: Ámbito de comunicación I : Módulos 1,2,3,4. Ámbito da comunicación: Inglés I: Módulos 1,2,3,4.

-Usarase con frecuencia material real de periódicos ou noticias de internet, e recursos multimedia para o uso das TIC na aula, permitindo ao profesor adaptar o contido ao alumnado do centro.

-Fotocopias e outros recursos para reforzar contidos, lecturas da biblioteca escolar, tanto en castelán como en galego, para reforzar a comprensión lectora e adquisición de vocabulario e estruturas lingüísticas.

## 6.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Como xa se mencionou a cualificación final de cada avaliación será calculada a partires das notas obtidas nas probas escritas, orais, traballos de lectura, traballo na clase e actitude do alumno.

Cada estándar divídese en catro niveis de cualificación: non conseguido, conseguido con nivel baixo, conseguido con nivel medio, conseguido con nivel alto , conseguido totalmente. Para promocionar no ámbito debe ter máis do 50% dos estándares conseguidos con nivel medio, inda que poida ter algún non conseguido o conseguido con nivel baixo.

## 7.Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a practica docente

Avaliaremos non só o alumnado senón tamén a programación didáctica, faremos plans de mellora, comprobaremos si se traballaron os temas transversais, o programa de recuperación, obxectivos da materia, competencias chave, práctica docente, programas de mellora para a practica docente, materiais e recursos didácticos, distribución de espazos e tempos, métodos didácticos e pedagóxicos e os resultados da avaliación (rúbrica).

| ELEMENTOS A AVALIAR | NON CONSEGUIDO | CONSEGUIDO PARCIALMENTE | TOTALMENTE CONSEGUIDO |
|---|---|---|---|
| Programación didáctica | | | |
| Plans de mellora | | | |
| Medidas de atención a diversidade | | | |
| Obxectivos da materia | | | |
| Competencias chave | | | |
| Práctica docente | | | |
| Plans de mellora para a práctica docente | | | |
| Materiais e recursos didácticos | | | |
| Distribución de espazos e tempos | | | |
| Métodos didácticos e pedagóxicos | | | |
| Resultados da avaliación | | | |
| | | | |

## 8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar

**como consecuencia dos resultados**

O principio de curso faranse actividades de inicio da lección, co fin de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar o xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de chuvia de ideas, actividades de repaso, intercambios comunicativos ou tamén pequenos test de comunicación oral e escrita. Estas actividades serán a base da avaliación inicial para poder avaliar en que punto están os alumnos e que medidas se deben adoptar en cada caso e na clase en xeral.

Despois o longo das unidades de traballo, faremos actividades de inicio, desenvolvemento , e reforzo e ampliación si é necesario. As actividades de desenvolvemento inclúen diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia das linguas. Estas actividades poden ser:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven, formación de palabras ...
- Lectura e comprensión de textos
- Repaso de regras gramaticais (xéneros, número, regras de acentuación  e ortografía...)
- Recoñecer os sons e os sistema fonético das diferentes linguas
- Comprensión e expresión oral a través de presentacións con ou sen apoio de recursos multimedia
- Comprensión e expresión escrita ( pódese suxerir a creación dun blog persoal de cada alumno que lles sirva de exercicio de reflexión e auto-avaliación, onde redactarán diferentes tipos de textos, críticas, poemas, contos, resumos...)

Esta programación parte do recoñecemento de que na clase hai alumnos con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todos os alumnos participen no seu proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcancen o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Por iso  é necesario o uso dunha diversidade de exercicios e actividades para que todos os alumnos/as poidan  encontrar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Algunhas actividades contribúen máis específicamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias chave, entre as que se incluirían:

- Choiva de ideas
- Role-plays
- Actividades interactivas
- Actividades no ordenador
- Actividades de investigación ou estudio de casos
- Actividades cooperativas
- Interpretación de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, rimas ,etc.
- Actividades nas que se traballen as emocións

A avaliación da aprendizaxe será continua e global, e terá en conta o progreso do alumno no conxunto de materias do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. As actividades

de formación poden clasificarse en:

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades.

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación (probas orais, escritas, ou proxectos). Haberá unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran o módulo. Haberá unha proba de recuperación para aquel alumnado que obtivese avaliación negativa nel.

**Actividades de auto-avaliación e auto-estudo**, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas (rúbricas de auto-avaliación)

Á hora de organizar as tarefas, completar actividades, proxectos..., a organización dos alumnos realizarase en función do tipo de interacción que se de nese momento na aula:

- Profesor-alumno
- Traballo individual
- Traballo en parellas
- Traballo en grupo cooperativo

Os recursos que os profesores poden contar e os posibles espazos en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe tamén son importantes nesa organización.

Os profesores poden tamén  aplicar actividades e proxectos que inclúen diferentes ambientes:

- O centro educativo
- A comunidad
- O contexto familia

A cualificación do ámbito realizarase cunha media ponderada dos módulos integrados nel, o submódulo de lingua estranxeira terá unha valoración de 30% e o de lengua , lingua e literatura terá unha valoración de 70%.

É importante recalcar que a falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua, sempre e cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do cómputo total de horas establecido para ese ámbito. Nese caso o alumnado ten a posibilidade de trasladar a matrícula para cursar a educación secundaria a distancia.

## 9. Medidas de atención a diversidade

Como xa se dixo no apartado anterior as actividades de reforzo e ampliación permiten dar o alumnos unha atención máis individualizada, segundo as súas necesidade e o seu ritmo de aprendizaxe. O profesor debe dar  resposta ás diversas situacións que se suscitan na aula. E dicir, actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que necesiten axuda para afrontar as actividades de aprendizaxe. O alumno que presente dificultades nos contidos mínimos da materia tamén poderá recibir material deseñado especificamente para eles, así como actividades deseñadas  na aula virtual ou usando diferentes aplicacións, e que poden utilizar tanto na aula coa axuda das TICs como na casa.

## 10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán

Traballaranse o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo decreto 86/2015,

de 25 de xuño, que establece o currículo na comunidade autónoma de Galicia.

- Como é de esperar no ámbito lingüístico se traballarán principalmente a **comunicación oral e escrita**, pero tamén a **comunicación audiovisual** e as TIC a través de:

  -Lecturas presentadas en forma de páxina web

  -Recursos na web con práctica interactiva, vídeos, audios e outros materiais multimedia

  -A expresión escrita na aula tradicional ou na aula TIC

- Traballarase o **emprendemento** tamén axudando ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar distintas actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través de , por exemplo:

  - En parellas ou grupos cooperativos

  -Facer presentacións orais de distintos temas

  -Responder cuestionarios e intercambiar información cos compañeiros

- Fomentarase a **educación cívica e constitucional**, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario.

- Fomentarase a **aptitude crítica e o respecto** as diferentes culturas e relixións, así como o respecto entre xéneros evitando sempre a **violencia.**

## 11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os criterios utilizados polos departamentos para avaliar a programación serán os seguintes:

1.A adecuación dos obxectivos, criterios de avaliación as características e necesidades do alumnado

2.A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación as características e necesidades do alumnado

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do departamento para atopar as causas do problema e buscar unha posible solución. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación didáctica é inferior a un 75 %,procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

| AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS | PROPOSTAS |
|---|---|
| Obxectivos | |
| Avaliación | |

| | |
|---|---|
| Procedementos de avaliación | |
| Instrumentos de avaliación | |
| Grao de desenvolvemento da programación didáctica | |

**12.Constancia de información para o alumnado**

Ao inicio do curso o profesorado dará información relativa os contidos, obxectivos, procedementos de avaliación e os contidos mínimos esixibles para acadar unha avaliación final positiva. Tamén se divulgará a programación para que estea di2spoñible para os alumnos/as.

**TERESA RODRÍGUEZ**

Programación

# *ÁMBITO COMUNICACIÓN MÓDULOS I e II ESA*

## EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

IES DE RODEIRA
CRISTINA DEL RÍO LAMELA

## *Introdución e contextualización*

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece, no seu artigo 66, que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezaoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Inmediatamente despois, o texto da lei enumera os obxectivos da educación de adultos, que son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e corrixir os riscos de exclusión social.

No punto 2 do artigo 67, a mencionada lei orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas se basearán na autoaprendizaxe e terán en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas, podendo desenvolverse a través do ensino presencial. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo afírmase que as ensinanzas das persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses; e no seu artigo 68, establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

A educación secundaria para as persoas adultas estrutúrase en dous niveis. En cada nivel intégranse tres ámbitos de coñecemento, os ámbitos de comunicación, social e científico-tecnolóxico, organizado cada un deles en catro módulos, aos cales se incorporan os aspectos básicos das materias da educación secundaria obrigatoria previstas na disposición derradeira primeira do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, que modifica a disposición adicional cuarta do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

Esta organización do currículo en ámbitos integrados e estrutura modular considérase a máis axeitada ás características e posibilidades das persoas adultas, por ser flexible e aberta, favorecer o acceso ás diferentes etapas do sistema educativo, respectar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, e posibilitar a consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por un procedemento específico para as persoas adultas.

As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria constitúen a segunda etapa da formación básica para persoas adultas, que se organiza en dous niveis, I e II. Neles cúrsanse tres ámbitos de coñecemento, integrados cada un deles por catro módulos interdisciplinares.

O currículo da educación secundaria para persoas adultas oriéntase ao logro das competencias clave. Estas competencias clave establécense no marco da proposta realizada pola Unión Europea e están recollidas no anexo I da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os

criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

No ámbito de Comunicación intégranse elementos do currículo de  educación secundaria obrigatoria relacionados coas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira. (No caso do IES de Rodeira, esa Lingua é o Inglés) Esta é unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto entre as linguas. O obxectivo é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de contribuír ao seu desenvolvemento persoal. E considerando que este alumnado presenta variadas experiencias académicas, con diferente ritmo de aprendizaxe, será conveniente flexibilizar os tempos destinados aos distintos contidos.

Estes contidos fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

Unha serie de contidos son transferibles entre as materias que integran o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer os aspectos específicos de cada unha, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística en ambas as dúas.

A lingua non se aprende só para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio de establecer relacións interpersoais e acceso ao coñecemento e ás diversas manifestacións da cultura.

### *A proposta curricular divídese en cinco bloques para cada un dos módulos:*

- bloque 1 «Comunicación oral: escoitar e falar» atende o uso oral das linguas Procúrase adquirir as habilidades necesarias para comunicar con precisión as ideas, relacionar o texto co contexto, adaptarse a cada situación comunicativa e escoitar de xeito activo as ideas alleas.

- bloque 2 «Comunicación escrita: ler e escribir» pretende que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

- bloque 3 «Funcionamento da lingua» responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación sen pretender utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

- bloque 4 «Lingua e sociedade» céntrase en explicar e valorar o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora. Incide ademais na identificación e superación de prexuízos e termos sociolingüísticos que describen a situación das linguas en Galicia.

- bloque 5 «Educación literaria» co obxectivo de afeizoar á lectura a un alumnado con frecuencia con escaso con textos literarios da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

## *Obxectivos*

Os obxectivos para os Módulos I e II do Ámbito de Comunicación incorporados parcialmente dos establecidos para a educación secundaria obrigatoria no artigo 23 da LOMCE e no Decreto 86/2015. para esta etapa son os seguintes:

· Exercitarse no diálogo, na igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.
· Desenvolver hábitos de estudo e traballo individual e en equipo.
· Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos.
· Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
· Comprender e expresarse nunha lingua estranxeira a nivel básico.
· Valorar aspectos da cultura e historia propias e alleas e o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas
· Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
· Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia
· Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia

## *Concreción dos obxectivos da materia*

· Comprender discursos orais e escritos en diversos contextos
· Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado a cada contexto.
· Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado a cada contexto.
· Utilizar eficazmente a lingua para buscar, procesar e analizar información e redactar ou expoñer textos seleccionando as ideas principais das distintas fontes de información, elaborando esquemas e resumos, para dotar de contidos textos expositivos.
· Utilizar as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC, para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións contrastando as diferentes maneiras de expor a mesma información, diferenciando opinión de información.
· Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección respectando basicamente as propiedades textuais, así como as normas ortográficas e gramaticais.
· Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galiza, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
· Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado Español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
· Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas mantendo unha actitude contraria aos prexuízos e procurando e súa erradicación.
· Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
· Comprender textos literarios a través de comentarios narrativos ou poéticos rudimentarios.

· Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario

***O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias clave de educación secundaria.***

– *Comunicación lingüística (CCL).*
O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

– *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*
A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.
– *Competencia dixital (CD).*
A formación neste ámbito permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

– *Aprender a aprender (CAA).*
O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar o proceso e avaliar o resultado, potencia a adquisición de técnicas de estudo e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

– *Competencias sociais e cívicas (CSC).*
Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.
O ensino das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado.

– *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*
Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora.
Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

– *Conciencia e expresións culturais (CCEC).*
O ámbito da comunicación proporciona estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e actitude aberta as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da

linguaxe. O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.

### *Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización*

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias. Os contidos aínda que divididos en cinco bloques, traballaranse de xeito integrado,

## ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. MÓDULO 1

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar** | | | | |
| d e g h l | B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación. | B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación. | CCL CD CAA CSC CCEC |
| a g i | B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | B1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | CCL CAA |
| a c d g h i j | B1.3. Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese. | B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese. | B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias. | CCL CAA CSC |
| a e l | B1.4. Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás producións. | B1.5. Coñecer e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación na produción de textos orais e escritos. | B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais. | CCL CD |
| a g | B.1.5. Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos. | B.1.6. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | B1.6.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | CCL |
| | B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correctas. | B1.7. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correctas. | B1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | CCL CAA CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a b d e f g i | B1.7. Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes. | B1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | B1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | CCL CAA CSC |
| | | | B1.8.2. Formula preguntas e realiza comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais. | |
| | | | B1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía. | |
| | | | B1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións. | |
| a b c d m n | B1.8. Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos cales están implícitos prexuízos de todo tipo. | B1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos. | B1.9.1. Recoñece a intencionalidade da persoa emisora a partir dos elementos contextuais. | CCL CSC CCEC |
| | | B1.10. Analizar criticamente as mensaxes que impliquen calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias. | B1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación. | |
| | | | B1.10.2. Evita o seu uso. | |
| c d m n | B1.9. Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais. | B1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervenc | B1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación. | CCL CD CAA CSC |
| | | | B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega. | |
| | | | B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | ións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>e<br>f<br>g<br>h<br>i<br>j | B.1.10. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo. | B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais. | CCL<br>CAA |
| | | | B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade. | |
| | | | B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | |
| | | | B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais. | |
| | | | B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | |
| | | | B1.12.6. Recoñece e avalía erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos). | |
| a<br>e<br>f<br>g | B1.11. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa | B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social | B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas | CCL<br>CSC |
| | | | B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo | CSC |
| a<br>e<br>g | B1.12. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación. | B1.14. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | B1.14.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|

| Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>e<br>g<br>h | B2.1. Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado. | B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación. | B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC |
| | | | B2.1.2. Comprender, interpretar textos dos medios de comunicación. | |
| | B2.2. Comprensión e interpretación de textos narrativos. | B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos. | B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa. | |
| a<br>e<br>g<br>h<br>i | B2.3. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A noticia. | B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia. | B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia). | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística. | |
| | B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios. | B2.4. Comprensión e interpretación<br>de anuncios publicitarios. | B2.4.1. Comprende e interpreta anuncios publicitarios. | |
| | | | B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria. | |
| g | B2.5. Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | CCL |
| g<br>h<br>j | B2.6. Análise pautada, síntese<br>do contido, de textos escritos, en formato papel ou dixital, para a identificación das ideas principais e secundarias. | B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetizalo. | B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas. | CCL<br>CAA |
| | | | B2.6.2. Elabora esquemas coas ideas principais e secundarias. | |
| | | | B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos. | |
| | | | B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | co apoio dun esquema previo. | |
| | | B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>e<br>f<br>g<br>h<br>i<br>j | B2.7. Utilización de estratexias para planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, elaborar unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, en papel e en soporte dixital. | B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, elaborar unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva. | B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando estratexias: busca e desenvolve ideas, organízaas e elabora un bosquexo. | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B2.8.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o texto. | |
| | | | B2.8.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación. | |
| | | | B2.8.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal. | |
| | | | B2.8.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma. | |
| | | | B2.8.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme as normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva. | |
| a<br>e<br>f | B2.8. Procura o significado do léxico descoñecido promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais.<br>B2.9. Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita. | B2.9. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información... | B2.9.1. Procura palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais. | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | B2.10.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o catálogo en liña (OPAC) das bibliotecas. | |
| | | B2.10. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información. | B2.10.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias na internet. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.10. Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos da vida cotiá. | B2.11. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións socialsl. | B2.11.1. Produce textos sinxelos da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital. | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC<br>CCEC |
| | B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida académica. | B2.12. Producir textos da vida académica en papel ou dixital. | B2.12.1. Produce textos propios da vida académica. | |
| | B2.12. Produción, en papel ou dixital, de textos xornalísticos. A noticia. | B2.13. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo. | B2.13.1. Produce textos xornalísticos (noticias), a partir dun modelo. | |
| | B2.13. Produción, en papel ou dixital, de textos narrativos. | B2.14. Producir textos narrativos. | B2.14.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a l | B2.14. Uso de técnicas de tratamento textual coas tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto para a planificación como para a revisión e mellora do texto. | B2.15 Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto. | B2.15.1. Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto. | CCL CAA CD |
| a g h | B2.15. Interese pola presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas. | B2.16. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. | B2.16.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. | CCL CAA |
| | | | B2.16.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade. | |
| | | | B2.16.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía. | |
| a l | B2.16. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios. | B2.17. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias. | B2.17.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias. | CCL CSC CCEC |
| d m n | B2.17. Actitude positiva e activa respecto da utilización da lingua galega nos textos escritos. | B2.18. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega. | B2.18.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega. | |
| | | | B2.18.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico. | |
| a m n | B2.18. Toma de conciencia da importancia persoal e social do dominio dos textos escritos. | B2.19. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | B2.19.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | |
| a e | B2.19. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas. | B2.20. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora. | B2.20.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. | CCL CAA |
| a c e | B2.20. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa, para participar na sociedade plural e diversa do século XXI. | B2.21. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación na historia colectiva e individual. | B2.21.1. Valora a lingua como o gran medio de comprensión e participación na historia colectiva e individual. | CCL CSC CCEC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 3: Funcionamento da lingua** | | | | |
| g<br>h | B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita. | B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita. | B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita. | CCL |
| | | B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | |
| | B3.2. Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | B3.3. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | B3.3.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais. | |
| | B3.3. Adecuación dos textos aos rexistros coloquial ou formal, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe. | B3.4. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe. | B3.4.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe | |
| a<br>g | B3.4. Recoñecemento do sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da lingua galega. | B3.5. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega.Coñecemento e produción dos sons propios da lingua galega. | B3.5.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. | |
| | | | B3.5.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega | |
| g<br>h | B3.5. Recoñecemento do parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | B3.6. Recoñecer o parágrafo comounidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | B3.6.1. Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. | |
| | B3.6. Recoñecemento e uso das normas ortográficas. | B3.7. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía. | B3.7.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas). | |
| | | | B3.7.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B e V | |
| | | | B3.7.3. Recoñece e aplica as normas de uso do H. | |
| | B3.7. Recoñecemento da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato. | B3.8. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato | B3.8.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra. | |
| | | | B3.8.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>l | B3.8. Iniciación ao uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.9. Usar, con autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.9.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | CCL<br>CD<br>CAA |
| g<br>h | B3.9. Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais tónicos. | B3.10. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico. | B3.10.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros. | CCL |
| | B3.10. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.11. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.11.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, e utiliza este coñecemento para corrixir erros. | |
| | B3.11. Comprensión e utilización dunha terminoloxía lingüística básica. | B3.12. Coñecer e usar unha terminoloxía básica. | B3.12.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica. | |
| a<br>g<br>h<br>i | B3.12. Coñecemento de expresións e vocabulario referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas. | B3.13. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas. | B3.13.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. | |
| a<br>g<br>h | B3.13. Coñecemento, construción e utilización de oracións simples: enunciativa, interrogativa, desiderativa, dubitativa, exclamativa e imperativa. | B3.14. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa. | B3.14.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor. | |
| a<br>g<br>h<br>i | B3.14. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. Recoñecemento da sinonimia, a antonimia e a polisemia. | B3.15. Comprender e valorar as relacións de igualdade e contrariedade entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito. | B3.15.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas. | |
| **Bloque 4: Lingua e sociedade** | | | | |
| a<br>d<br>m<br>n | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes, medio de relación interpersoal e de sinal de identidade. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | B4.2. O plurilingüísmo: riqueza cultural individual e comunitaria. | B4.2. Valorar positivamente o plurilingüísmo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade. | B4.2.1. Coñece a diversidade de linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora a riqueza desta diversidade. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B4.3. As linguas de España. | B4.3. Coñecer as linguas de España. | B4.3.1. Coñece as lingua que se falan en España. | |
| | B4.4. O galego e o portugués. | B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran. | B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade. | |
| | | | B4.4.2. Coñece os territorios da comunidade lusófona. | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B4.5. Análise da situación sociolingüística do seu ámbito familiar, do centro educativo e da súa cidade. | B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven. | B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean. | |
| | B4.6. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de normalización da lingua galega, favorecendo o seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso da lingua galega. | B4.6. Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma. | B4.6.1. Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega. | |
| **Bloque 5: Educación literaria** | | | | |
| a<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | B5.1. Lectura autónoma ou guiada de obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimilación os trazos estéticos xerais que definen cada texto. | B5.1. Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto. | B5.1.1. Le, con regularidade, obras literarias para desenvolver o criterio lector. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos. | |
| | | | B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos. | |
| | | | B5.1.4. Asimila os trazos estéticos que definen cada texto. | |
| | B5.2. Lectura comentada de contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función. | B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función. | B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural. | |
| | | | B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función. | |
| a<br>d<br>g<br>h | B5.3. Lectura comentada e dramatizada de obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral. | B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral. | B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables. | |
| a<br>g<br>h | B5.4. Lectura, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cómic... | B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic... | B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. | |
| | B5.5. Diferenciación dos grandes xéneros literarios e recoñecemento das súas características a partir da lectura. | B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura. | B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura. | |
| a d m n | B5.6. Aprecio da literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | B5.6. Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. | |
| a g h | B5.7. Produción, previa planificación, de textos con intención literaria. | B5.7. Producir textos sinxelos de intención literaria. | B5.7.1. Produce, logo de planificación, textos con intención literaria. | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B5.8. Coñecemento e uso de estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | B5.8. Coñecer e usar as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | B5.8.1. Coñece e usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura. | CCL CAA CSC CCEC |
| a g | B5.9. Audición e recitado de poemas. | B5.9. Oír e recitar poemas. Valorar a estética poética. | B5.9.1. Realiza audicións de poemas recitados ou cantados. | |
| a f | B5.10. Utilización dirixida da biblioteca escolar, das bibliotecas municipais, bibliotecas virtuais e webs para o fomento e orientación da lectura. | B5.10. Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais. | B5.10.1. Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais. | |
| a f | B5.11. Desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa. | B5.11. Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo. | B5.11.1. Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo. | |
| | B5.12. Valora a lectura como fonte de pracer. | B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer. | B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios. | |

## ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. MÓDULO 2

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar** | | | | |
| g<br>h<br>i | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.<br>B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos medios de comunicación audiovisual.<br>B1.1.3. Extrae a intención comunicativa das novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSC<br>CCEC |
| a<br>e<br>g<br>h | B1.2. Participación activa en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións. | B1.2. Participar activamente en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións. | B1.2.1. Intervén espontaneamente e expón un punto de vista persoal<br>B1.2.2. Contesta a preguntas sobre a propia intervención.<br>B1.2.3. Formula preguntas e realiza comentarios pertinentes perante as intervencións doutros interlocutores.<br>B1.2.4. Respecta as intervencións dos demais.<br>B1.2.5. Participa nas conversacións en grupo encamiñadas á expresión, contraste de opinións e toma de decisións. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| c<br>e | B1.3. Valoración da interacción como medio para ter consciencia dos coñecementos e das ideas e regular os procesos de comprensión e expresión propios de todo proceso de aprendizaxe, tanto en | B1.3. Valorar a interacción como medio para ir tendo consciencia dos coñecementos e das ideas e para a regulación dos procesos de comprensión e expresión propios | B1.3.1. Recoñece a interacción como medio fundamental na seu proceso de aprendizaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | actividades individuais como no traballo cooperativo. | de todo proceso de aprendizaxe, tanto en actividades individuais como no traballo cooperativo. | | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a g h | B1.4. Coñecemento das diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalización das interaccións. | B1.4. Coñecer as diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalización das interaccións. | B1.4.1. Usa apropiadamente as fórmulas lingüísticas traballadas en situacións concretas de comunicación: cortesía, acordo, discrepancia. | CCL CAA CSC |
| | | | B1.4.2. Usa apropiadamente claves extralingüísticas, axúdase de datos contextuais... | |
| a g i | B1.5. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións. | B1.5. Identificar e seleccionar as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións. | B1.5.1. Identifica as informacións e os datos relevantes. | |
| | | | B1.5.2. Identifica expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación | |
| a j l | B1.6. Coñecemento dos diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas...) no proceso de escoita. | B1.6. Coñecer diversos medios de rexistro da información. | B1.6.1. Coñece e utiliza no proceso de escoita diversos medios de rexistro da información (táboas, gráficos, esquemas...) | CCL CM CCT CAA CSC |
| a g h | B1.7. Recoñecemento da intencionalidade da persoa emisora a partir dos elementos contextuais explícitos nos textos traballados. | B1.7. Recoñecer diferentes textos segundo a intencionalidade do emisor. | B1.7.1. Recoñece a diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios. | CCL CAA |
| a g h il | B1.8. Coñecemento e aplicación de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás súas producións. | B1.8. Coñecer e aplicar diferentes medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás súas producións. | B1.8.1. Coñece e aplica como apoio nas súas producións orais medios audiovisuais: vídeo, presentacións, programas de audio... | CCL CM CCT CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>g<br>h | B1.9. Activación dos coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas. | B1.9. Activar os coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas. | B1.9.1. Recoñece as similitudes da aprendizaxe das diferentes linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | B1.10. Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada. | B1.10. Usar correctamente os elementos paraverbais e non verbais nunha exposición oral. | B1.10.1. Coñece e usa correctamente os elementos paraverbais e non verbais nunha exposición oral. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>g | B1.11. Interese por expresarse oralmente con pronunciación e entoación adecuadas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas. | B1.11. Valorar as producións orais emitidas cunha prosodia e fonética correctas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas. | B1.11.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correctas, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións de mellora. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.11.2. Respecta as normas que rexen a interacción oral e aplica as normas sociocomunicativas. | |
| | B1.12. Actitude positiva e activa respecto á utilización das linguas galega e castelá nos intercambios orais. | B1.12. Valorar positivamente a utilización das linguas galega e castelá en todos os ámbitos lingüísticos. | B1.12.1. Usa con normalidade as linguas galega e castelá en todas situacións. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | B1.13. Valoración das normas de cortesía e dos marcadores lingüísticos das relacións sociais como o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción. | B1.13. Valorar as normas de cortesía e os marcadores lingüísticos das relacións sociais coma o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción. | B1.13.1. Usa as normas de cortesía | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.13.2. Introduce elementos non explícitos nos intercambios comunicativos: actitude da persoa falante, ironía... | |
| a<br>g<br>h | B1.14. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. | B1.14. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. | B1.14.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.14.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. | |
| | | | B1.15.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | CCL<br>CAA |

| Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>e<br>g<br>h | B2.1. Comprensión e interpretación de textos descritivos. | B2.1. Comprender e interpretar textos descritivos | B2.1.1. Comprende e interpreta textos descritivos. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>e<br>g | B2.2. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais. | | B2.1.1. Comprende e interpreta textos descritivos. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B2.1.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada nos textos descritivos. | |
| | B2.2. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais. | | B2.2.1. Comprender, interpretar textos xornalísticos. | |
| | | | B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada de textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editoriais. | |
| | B2.3. Comprensión e interpretación de textos dialogados. | B2.3. Comprender e interpretar textos dialogados. | B2.3.1. Comprende e interpreta textos dialogados. | |
| | | | B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe dos textos dialogados. | |
| | | | B2.3.3. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe teatral | |
| | B2.4. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, realizar unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital. | B2.4. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva. | B2.4.1. Crea textos escritos: busca e desenvolve ideas; organízaas e elabora un borrador | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| | | | B2.4.2. Utiliza esquemas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. | |
| | | | B2.4.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal. | |
| | | | B2.4.4. Utiliza elementos lingüísticos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais e concordancias dentro do sintagma nominal e verbal. | |
| | | | B2.4.5. Puntúa o texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas). | |
| | | | B2.4.6. Crea textos escritos: elabora unha primeira redacción. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | B2.4.7. Crea textos escritos utilizando as seguintes estratexias: corríxeo, reelabora o texto e prepara a redacción definitiva. | |
| a e i | B2.5. Busca do significado do léxico descoñecido en dicionarios en papel ou dixitais. | B2.5. Buscar palabras en dicionarios, motores de busca da información... | B2.5.1. Busca palabras (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en dicionarios en papel ou dixitais. | |
| | B2.6. Utilización das bibliotecas e das TIC como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita. | B2.6. Utilizar a biblioteca e as TIC como fonte de información. | B2.6.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o catálogo en liña das bibliotecas. | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a e g h i | 2.7. Produción, en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editorial. | B2.7. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en papel ou dixital. | B2.7.1. Produce textos xornalísticos (reportaxe, artigos de opinión) a partir dun modelo, en formato papel ou dixital. | CCL CAA CSC CCEC |
| | B2.8. Produción, en formato papel ou dixital, de textos descritivos. | B2.8. Producir textos descritivos en formato papel ou dixital. | B2.8.1. Produce textos descritivos, en formato papel ou dixital, sobre temas cotiáns, de forma breve e sinxela. | |
| | B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos dialogados. | B2.9. Producir textos dialogados en formato papel ou dixital. | B2.9.1. Produce textos dialogados en formato papel ou dixital. | |
| | B2.10. Elaboración dun cómic, logo de comprensión da función e das características dos elementos icónicos. | B2.10. Elaborar un cómic. | B2.10.1. Elabora un cómic respectando as características propias (elementos icónicos...) | |
| a e g h l | B2.11 Uso de técnicas de tratamento textual coas tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto na planificación como para a revisión e mellora do texto. | B2.11 Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto | B2.11.1. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía | CCL CMCCT CD CAA |
| | | | B2.11.2. Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto. | |
| a e g h | B2.12. Interese pola presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con | B2.12. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en | B2.12.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, | CCL CD CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas. | formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. | evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. | |
| | B2.13. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios. | B2.13. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias. | B2.13.1. Produce textos nas linguas galega e castelá fóra do ámbito académico. | CCL CAA |
| | | B2.14. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | B2.14.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>g<br>h<br>m<br>n | B2.14. Actitude positiva e activa respecto da utilización das linguas galega e castelá nos textos escritos. | B2.15. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en galego e castelán. | B2.15.1. Valora a produción escrita nas linguas galega e castelá. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| a<br>e<br>g<br>h | B2.15. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización das producións orais e escritas. | B2.16. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora. | B2.16.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. | CCL<br>CAA |
| **Bloque 3: Funcionamento da lingua** | | | | |
| a<br>e<br>g<br>h | B3.1. Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais. | B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita | B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita. | CCL |
| | | B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal. | |
| a<br>d<br>e<br>m<br>n | B3.2. Coñecemento da fonética e da fonoloxía das linguas galega e castelá, con especial atención ás posibles interferencias | B3.3. Recoñecer e usar a fonética das linguas galega e castelá. | B3.3.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios das linguas galega e castelá. | CCL<br>CAA |
| a<br>e<br>h | B3.3. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas. | B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas. | B3.4.1. Recoñece e usa as regras da acentuación e do til diacrítico. | |
| | | | B3.4.2. Recoñece e aplica as normas de uso do LL e do Y en lingua castelá. | |
| | | | B3.4.3. Recoñece e aplica as normas de uso do G e do J en lingua castelá. | |
| | | | B3.4.4. Recoñece e aplica as normas de uso do S e do X nas linguas galega e castelá. | |
| | B3.4. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. | B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual. | B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | CCL<br>CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B3.5. Uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.6. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | B3.6.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto. | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>e<br>h | B3.6. Recoñecemento das categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción. | B3.7. Recoñecer, explicar e usar as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción. | B3.7.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, e corrixe erros. | CCL<br>CAA |
| | B3.7. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.8. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. | B3.8.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros. | |
| b<br>e<br>i<br>h | B3.8. Recoñecemento, explicación e uso de léxico, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | B3.9. Coñecer expresións e vocabulario, referido a obxectos da contorna, situacións, actividades e necesidades básicas. | B3.9.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. | CCL<br>CAA |
| a<br>e<br>i | B3.9. Relacións semánticas. O campo semántico. Familias léxicas. | B3.10. Recoñecer e usar as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia. | B3.10.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas. | |
| | B3.10. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación. | B3.11. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos. | B3.11.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou dun texto oral ou escrito. | |
| n | B3.11. Recoñecemento de que cada lingua ten un funcionamento propio e que non sempre hai un paralelismo entre as diferentes linguas canto á súa ortografía, morfosintaxe e semántica. | B3.12. Recoñecer que cada lingua posúe un funcionamento propio e ao mesmo tempo presenta coincidencias coas linguas romances. | B3.12.1. Recoñece o funcionamento propio de cada lingua e, ao mesmo tempo, as coincidencias coas linguas romances. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>h | B3.12. Recoñecemento, uso e<br>explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e dos principais mecanismos gramaticais e léxicos. | B3.13. Recoñecer, usar e explicar os nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e os principais mecanismos gramaticais e léxicos. | B3.13.1. Recoñecer e usar mecanismos de referencia externa: a deíxe, e de referencia interna: a anáfora, a catáfora e a elipse. | |
| | | | B3.13.2. Recoñecer e usar nexos e conectores espaciais,<br>temporais, de oposición e de contraste. | |
| e<br>f | B3.13. Uso de estratexias de autoavaliación e dos resultados das producións escritas. | B3.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora. | B3.14.1. Acepta positivamente as correccións e valóraas como elemento básico na súa aprendizaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **Bloque 4: Lingua e sociedade** | | | | |
| a<br>d<br>m<br>n | B4.1. Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España e valoración desta realidade como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural. | B4.1. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais. | B4.1.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica<br>algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos; recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais. | CCL<br>CSC |
| a<br>b<br>c | B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. | B4.2. Describir a diversidade lingüística<br>no mundo, en Europa e na Península Ibérica. | B4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | B4.3. Coñecemento e valoración das variedades da lingua castelá na Península Ibérica. | B4.3. Coñecer e valorar as variedades da lingua castelá na Península. | B4.3.1. Coñece a evolución da lingua castelá e as súas variantes dialectais. | |
| | B4.4. Coñecemento da situación da lingua castelá en América do Sur. | B4.4. Coñecer a situación do castelán en América do Sur. | B4.4.1. Coñece as orixes históricas da lingua castelá en<br>América e as súas principais áreas xeográficas. | |
| a<br>e<br>g<br>h | B4.5. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa; para | B4.5. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da | B4.5.1. Valora a lingua como o gran medio de comprensión e participación da historia colectiva e individual. | CCL<br>CAA<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | articipar na sociedade plural e diversa do século XXI. | historia colectiva e individual. | | |
| **Bloque 5: Educación literaria** | | | | |
| a b d g h | B5.1. Lectura regular de obras literarias. | B5.1. Ler con regularidade obras literarias. | B5.1.1. Le con regularidade obras literarias. | CCL CAA CSC CCEC |
| a b d h | B5.2. Valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | B5.2. Valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | B5.2.1. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | CCL CSC CCEC |
| | B5.3. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. | B5.3. Ler e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos. | B5.3.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | CCL CAA CSC CCEC |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a b d g h | B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | B5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | CCL CAA CSC CCEC |
| | B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes que caracterizan os subxéneros. | B5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | |
| | B5.6. Visionado, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cine. | B5.6. Ver e analizar outras linguaxes estéticas: o cine. | B5.6.1. Visiona e analiza películas. | |
| | | | B5.6.2. Recoñece os diferentes subxéneros cinematográficos. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g<br>h | B5.7. Comparación de textos<br>pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | B5.7. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | B5.7.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | CCL |
| | | | B5.7.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero<br>pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | |
| | B5.8. Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | B5.8. Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | B5.8.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | |
| a<br>b<br>d<br>g<br>h | B5.9. Produción, previa planificación, de valoracións persoais sobre o texto lido. | B5.9. Producir, logo de planificación, valoracións persoais sobre as obras traballadas na aula. | 5.9.1. Analiza o contido das obras literarias traballadas, seguindo as pautas dadas: narrador, eu lírico, elementos... | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C |
| | | | B5.9.2. Desenvolve unha valoración persoal do texto lido, planificando o seu contido e argumentando sobre os aspectos que persoalmente chamaron máis a súa atención. | |
| | B5.10. Produción de textos de intención estética cos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aulala. | B5.10. Escribir textos de intención estética cos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | B5.10.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | CCL<br>CCE<br>C |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencia<br>s<br>clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>i | B5.11. Aproveitamento, baixo guía,dos fondos e recursos que ofrecen<br>as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.11. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos<br>que ofrecen as bibliotecas, incluídas as irtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.11.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | CCL<br>CD |
| a<br>b<br>d | B5.12. Valoración da lectura como fonte de pracer. | B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer. | B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios. | CCL<br>CAA<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| f<br>g<br>h | | | | |

### *Temporalización*

Independentemente desta distribución orientativa prestarase atención aos aspectos máis importantes de cada un dos bloques durante todo o curso.

| | |
|---|---|
| BLOQUE 1 COMUNICACIÓN ORAL : ESCOITAR E FALAR | 11 SETEMBRO - 29 SETEMBRO |
| BLOQUE 2 COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR | 2 OUTUBRO - 31 OUTUBRO |
| BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA | 1 NOVEMBRO - 30 NOVEMBRO |
| BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE | 1 DECEMBRO - 20 DECEMBRO |
| BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA | 8 XANEIRO- 31 XANEIRO |

### *Procedementos e instrumentos de avaciación*

| **Instrumentos de avaliación** | | Ponderación da cualificación |
|---|---|---|
| Probas orais e escritas | De dúas a catro por avaliación | 60% |
| Actitude e participación, | Caderno/diario de clase. Presentacións orais. Exercicios de expresión escrita Exercicios de vocabulario e gramática, Preguntas/respostas. Atención. | 30% |
| Lecturas. | Lecturas comentadas de: Relatos breves. Microrrelatos. Extractos de novelas. Contos. Poemas. | 10 % |

| **Nome** | **Descrición** | **Para que** | **Como** | **Observacións** |
|---|---|---|---|---|
| **Exame oral** | Para medir os obxectivos relacionados ca expresión oral. | Para comprobar a comprensión, a capacidade de comunicar e os coñecementos adquiridos. | Definir con claridade o obxectivo do exame: escalas de observación, rúbricas. | Exemplo: presentación de diapositvas, comentarios no grupo. |
| **Proba escrita de resposta aberta** | Proba con control, na que se constrúe toda a resposta. Pódese conceder o dereito a consultar material. | Para comprobar a capacidade de expresión escrita , organización de ideas e creatividade. | Ter claros os criterios e os diferentes niveis de realización. | Pregunta de resposta ampla ou varias preguntas de resposta breve |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | en torno a un mesmo tema. |
| **Probas obxectivas (tipo test)** | Exame escrito estruturado con diversas preguntas nas se sinala ou completa a resposta. | Permiten avaliar sobre unha base ampla de coñecementos e diferenciar ben o nivel de coñecementos. | Debe seleccionar preguntas importantes na materia. | As opción de resposta deben ter lonxitude similar e do mesmo ámbito. |
| **Mapa conceptual** | Mostra a forma de relacionar conceptos chave cun área temática. | Favorece a construción do coñecemento polo estudante. É útil cando hai unha forte carga conceptual. | Valora os conceptos e os niveis conectores e relacións entre eles. | Presentando variacións da mesma aplicación pódese enriquecer o potencial formativo. |
| **Traballo académico** | Desenvolvemento dun proxecto: dende traballos sinxelos a outros máis elaborados. | Fomenta as capacidades de busca e selección de información, lectura, organización e pensamento crítico. | Avaliando todos os obxectivos que se pretenden , establecendo criterios e niveis de valoración. | Proporcionar unha orientación detallada e centrar o traballo en cuestións de todo tipo. |
| ***One minute paper*** | Preguntas abertas que se fan durante ou o final dunha ou dúas clases. | Para traballar certas habilidades como a, atención, capacidade de síntese integración, información e escoita. | Anótase quen responde e que nota merece a resposta. | O interese das preguntas está no comentario posterior.. |
| **Diario** | Informe persoal no que se describen as preocupacións, sentimentos, observacións , interpretacións, hipóteses e explicacións. | Para avaliar o seu proceso de aprendizaxe, desenvolver capacidade reflexiva e facilitar o diálogo docente - alumnado. | Débese establecer un sistema de apoio, reservando momentos para a súa elaboración e posterior diálogo. | Esta estratexia resulta útil de cara a analizar as fortalezas e debilidades no proceso de aprendizaxe.. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Proxecto** | E unha estratexia didáctica para desenvolver un produto novo e único mediante a realización dunha serie de tarefas e o uso de distintos recursos. | Para aprender facendo, avaliar a responsabilidade e a creatividade e para afrontar problemas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe. | A partir dos obxectivos do proxecto, formulados claramente. | Recóllense os documentos da elaboración do proxecto. Incorpóranse actividades e evidencia da auto-avaliación sobre o seu traballo. |
| **Observa-ción (avaliase con rúbricas ou listas de cotexo)** | Estratexia baseada na recollida sistemática de datos no propio de aprendizaxe: execución de tarefas | Para obter información das actitudes a partir de comportamentos, habilidades e procedementos… | Identificar que avaliar, identificar manifestacións observables, elaborar o instrumento. | Listas de cotexo ou escalas, recollida dos cadernos de traballo. |

### *Concrecións metodolóxicas*

Partirase das competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas adaptadas e concretadas segundo as necesidades do alumnado. Os aspectos fundamentais son:

- Integración das destrezas comunicativas
- Achegamento contextualizado aos aspectos socioculturais
- papel do profesorado como guía do alumnado, presentando, impulsando e avaliando as actividades comunicativas, orientando, estimulando, aconsellando, mais o alumnado debe asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais para conseguir os obxectivos propostos.
- alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe e ten un papel activo na aula
- A aula como espazo onde se producen situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participa.
- Aprendizaxe autónoma e responsable.
- Presentación de tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas, creando contextos que estimulen o interese do alumnado na aprendizaxe , fomentando a confianza, aumentando a motivación e desenvolvendo a capacidade para planificar, autoavaliarse e aprender de xeito autónomo e independente.
- Os materiais serán preferentemente auténticos, co fin de percibir a lingua como un verdadeiro instrumento de comunicación.

A avaliación é o instrumento que valora o uso axeitado da lingua fronte ao coñecemento do sistema teórico ou da simple corrección formal. O erro é un elemento inevitable e forma parte do proceso de aprendizaxe que ofrece información sobre a evolución e o estadio lingüístico do alumnado, sendo aconsellable a análise dos erros para reflexionar sobre a autoaprendizaxe e mellorear.

### *Materiais e recursos didácticos*

Materiais didácticos das ensinanzas de Secundaria para persoas adultas disponibles no portal educativo da Xunta que se utilizarán de xeito interactivo por medio da pantalla dixital

da aula. Libros de texto de 1º da ESO de lingua galega e castelá.

- Artigos e columnas de xornais, infografías e esquemas disponibles na rede e todo tipo de recursos multimedia..
- Lecturas da biblioteca do centro, en galego e castelán.
- Exercicios e textos fotocopiados.

### *Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado*

A cualificación final de cada avaliación será calculada a partires das notas obtidas nas probas escritas e orais, caderno de clase, lecturas, traballo na clase e participación.

Cada estándar divídese en catro niveis de cualificación: non conseguido, conseguido con nivel baixo, conseguido con nivel medio, conseguido con nivel alto , conseguido totalmente. Para promocionar no ámbito debe ter máis do 50% dos estándares conseguidos con nivel medio, aínda que teña algún non conseguido ou conseguido con nivel baixo.

### *Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a practica docente*

Avaliaremos ao alumnado e a programación didáctica, faremos plans de mellora, comprobaremos se se traballaron os temas transversais, o programa de recuperación, obxectivos da materia, competencias clave, práctica docente, programas de mellora para a practica docente, materiais e recursos didácticos, distribución de espazos e tempos, métodos didácticos e pedagóxicos e os resultados da avaliación.

| ELEMENTOS A AVALIAR | NON CONSEGUIDO | CONSEGUIDO PARCIALMENTE | TOTALMENTE CONSEGUIDO |
|---|---|---|---|
| Programación didáctica | | | |
| Plans de mellora | | | |
| Medidas de atención á diversidade | | | |
| Obxectivos da materia | | | |
| Competencias clave | | | |
| Práctica docente | | | |
| Plans de mellora para a práctica docente | | | |
| Materiais e recursos | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| didácticos | | | |
| Distribución de espazos e tempos | | | |
| Métodos didácticos e pedagóxicos | | | |
| Resultados da avaliación | | | |

### *Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas segundo os resultados*

A principio de curso faranse actividades de inicio da lección, co fin de activar os coñecementos previos nos temas novos ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades coma chuvia de ideas, actividades de repaso, intercambios comunicativos ou tamén pequenos test de comunicación oral e escrita. Estas actividades serán a base da avaliación inicial para poder avaliar en que punto están os alumnos e que medidas se deben adoptar en cada caso e na clase en xeral.

Ao longo das unidades faranse actividades de inicio, desenvolvemento e reforzo se é necesario incluíndo as que apelan ás intelixencias múltiples destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia das linguas.

- Vocabulario relacionado cos conceptos que se desenvolven, formación de palabras
- Lectura e comprensión de textos
- Repaso de regras gramaticais (xéneros, número, regras de acentuación e ortografía...)
- Recoñecer os sons e os sistema fonético das diferentes linguas
- Comprensión e expresión oral a través de presentacións con ou sen recursos multimedia
- Comprensión e expresión escrita (creación dun blog ou caderno persoal onde redactarán diferentes tipos de textos, críticas, poemas, contos, resumos...)

Pártese do recoñecemento de que na clase o alumnado presenta diferentes ritmos de aprendizaxe, motivación. O obxectivo é que todos participen no seu proceso de aprendizaxe e alcancen o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Por iso é necesario o uso dunha diversidade de exercicios e actividades. Algunhas actividades contribúen máis específicamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluirían:

- Chuvia de ideas
- Actividades interactivas
- Actividades de investigación ou estudio de casos
- Actividades cooperativas
- Interpretación de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, rimas ,etc.

- Actividades nas que se traballen as emocións

A avaliación da aprendizaxe será continua e global, e terá en conta o progreso individual no conxunto de materias do currículo. Avaliaránse tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a propia práctica docente. As actividades de formación poden clasificarse en:

Actividades de avaliación formativa, onde se avaliará o traballo continuado do alumnado medindo o seu progreso a través da observación da realización de actividades.

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación (probas orais, escritas, ou proxectos). Haberá unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran o módulo. Haberá unha proba de recuperación para aquel alumnado que obtivese avaliación negativa nel.

Actividades de auto-avaliación e auto-estudo, nas que o alumnado se inicia en estratexias de auto-avaliación dos coñecementos e destrezas (rúbricas de auto-avaliación)

Á hora de organizar as tarefas, completar actividades a organización do alumnado realizarase en función do tipo de interacción que se dea nese momento na aula:

Os recursos cos que o profesorado pode contar e os espazos en que desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe tamén son importantes nesa organización. As actividades e proxectos poden incluír diferentes ambientes tanto o propio centro educativo, como o a contorna, a comunidade, familia…

A cualificación do ámbito realizarase cunha media ponderada dos módulos integrados nel, o submódulo de lingua estranxeira terá unha valoración de 30% e o de lingua castelá, lingua galega e literatura terá unha valoración de 70%.

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua, sempre e cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do cómputo total de horas establecido para ese ámbito. Nese caso o alumnado ten a posibilidade de trasladar a matrícula para cursar a modalidade a distancia.

### *Medidas de atención a diversidade*

As actividades de reforzo e ampliación permiten dar ao alumnado unha atención máis individualizada, segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe. O profesoraso debe dar resposta ás diversas situacións que se suscitan na aula: actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que precise axuda para afrontar as actividades de aprendizaxe. O alumnado que presente dificultades nos contidos mínimos da materia tamén poderá recibir material deseñado especificamente para el.

Traballaranse as competencias básicas de comprensión e expresión oral e escrita fundamentalmente.

### *Concreción dos elementos transversais*

Traballaranse os elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo decreto 86/2015, de 25 de xuño, que establece o currículo na comunidade autónoma de Galicia.

No ámbito lingüístico traballaranse principalmente:

- A comunicación oral e escrita
- A comunicación audiovisual e as TIC a través de lecturas de páxina web recursos interactivos en liña, vídeos, audios e outros materiais multimedia. Ademais da expresión escrita na aula e a presentación de traballos que realizarán en casa por medios dixitais.
- emprendemento, promovendo a confianza na propia valía, a tomar a iniciativa para realizar distintas actividades e poñelas en práctica na vida real.
- A actitude de respecto cara ás diferentes culturas e relixións.

## *Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora*

Os criterios utilizados para avaliar a programación serán os seguintes:

- Adecuación dos obxectivos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado
- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión para atopar as causas do problema e buscar unha posible solución.
- Grao de desenvolvemento da programación que se analizará nas sesións de avaliación.

En Cangas, a 9 de setembro de 2023